





V PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2022 — 2025



EDITA

Concello de Santiago de Compostela.

Concellaría de Igualdade.

Centro de Información ás Mulleres (CIM).


REALIZA

EDESGA SLU.

V PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2022 — 2025



PRESENTACIÓN

Dende o Concello de Santiago de Compostela presentamos este V Plan de igualdade de oportunidades municipais entre mulleres e homes. Nel recóllense os obxectivos e as medidas que condicionarán as políticas presentes e futuras de igualdade deste concello dende o ano 2022 ao 2025, e foi posible grazas á colaboración do persoal municipal, dos grupos políticos, do tecido asociativo e da poboación en xeral que participaron no seu desenvolvemento.

Erradicar as desigualdades existentes entre mulleres e homes é o obxectivo tanto deste V Plan de igualdade como dos anteriores levados a cabo por esta Administración. O traballo realizado nestes anos en relación á conciliación, á coeducación ou á prevención da violencia de xénero busca esa meta, mais sabemos que aínda resta moito camiño por andar, polo que precisamos de ferramentas que nos axuden a percorrelo.

Dende esta Administración promovemos un novo Plan de igualdade de oportunidades adaptado ao noso propio contexto e ás necesidades e problemáticas existentes.

Levando a cabo accións como as que se recollen neste PIOM alcanzaremos, de forma gradual, unha igualdade plena entre as mulleres e os homes e, polo tanto, unha veciñanza que disfrute, no seu conxunto, do benestar social. Por iso non esquecemos que temos unha gran responsabilidade nese sentido, xa que somos un exemplo e un punto de mira para a veciñanza. Mais tampouco non debemos esquecer que na loita contra as desigualdades e contra a violencia todo o pobo debe estar unido, polo que dende aquí vos pido que vos sumedes a esta tarefa que temos por diante nos vindeiros anos.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Os plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes son documentos fundamentais de xestión para a consecución real da igualdade entre ambos os sexos, así como para a prevención da violencia de xénero.

Este V Plan é un instrumento fundamental para a introdución da óptica da igualdade en todas as políticas que se desenvolvan dentro do termo municipal, a medio e a longo prazo, no ámbito cultural, político, laboral, económico e social.


O Concello de Santiago de Compostela aposta polo establecemento de novas medidas, reforzando, ao mesmo tempo, os mecanismos e os instrumentos xa postos en marcha nos últimos anos co obxectivo de detectar e loitar contra as desigualdades que, por mor do xénero, están aínda arraigadas na sociedade.

Ante esta realidade, o Concello, dende diferentes departamentos pero especialmente dende o Centro de Información á Muller (CIM), vén impulsando programas e iniciativas que ofrecen formación e sensibilización en todos os eidos, e moi notablemente no ámbito educativo e comunitario.

Co fin de renovar e afianzar este labor continuo elabórase esta nova folla de ruta na que se aglutinan e se planifican as actuacións e os proxectos que se levarán a cabo nos vindeiros anos e na que se espera a colaboración de toda a cidadanía, moi especialmente das asociacións e dos colectivos de mulleres da cidade.


Mercedes Rosón Ferreiro

Concelleira de Igualdade



ÍNDICE

1	—	INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	8
2	—	PRINCIPIOS INSPIRADORES	10
3	—	MARCO NORMATIVO	13
4	—	METODOLOXÍA E FASES DO TRABALLO	17
5	—	POBOACIÓN DESTINATARIA	21
6	—	PERÍODO DE VIXENCIA	23
7	—	ÁREAS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS	25
	—	Área 1— COEDUCACIÓN E FORMACIÓN CON PERSPECTIVA DE XÉNERO	28
	—	Área 2— FORMACIÓN, INSERCIÓN LABORAL E CONCILIACIÓN DOS TEMPOS LABORAIS, FAMILIARES E PERSOAIS	32
	—	Área 3— APODERAMENTO, PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO	36
	—	Área 4— CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL DE COLECTIVOS ESPECÍFICOS	39
	—	Área 5— TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL	45
	—	Área 6— SENSIBILIZACIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	49
8	—	DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	53
9	—	ANÁLISE DIAGNÓSTICA	55
10	—	AGRADECEMENTOS	95



INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

Este V Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, deseñado para o concello de Santiago, vén cumprir coa lexislación na adopción das medidas precisas para acadar unha igualdade plena e real de dereitos entre as mulleres e os homes en todos os eidos: social, laboral, educativo, cultural, económico e político.

A súa realización e aprobación reafirma o compromiso que o Concello de Santiago de Compostela vén tendo coa igualdade nas últimas décadas e que está avalado polo seu labor continuo. Con todo, e aínda tendo en conta os moitos avances que se lograron nesta materia, son tamén moitos os desequilibrios e os obstáculos que se manteñen na sociedade e, polo tanto, entre a cidadanía compostelá. Así, as mulleres seguen tendo unha menor e peor inclusión no mercado laboral, máis dificultades para conciliar os seus tempos persoais, laborais e familiares, unha situación económica máis vulnerable etc.

A Administración Local é a que está máis próxima á poboación, polo que é a que mellor coñece as súas problemáticas e, en definitiva, a súa idiosincrasia, motivo polo cal tamén é o nivel de intervención máis axeitado para combater a desigualdade e fomentar unha sociedade igualitaria e libre de lacras como a violencia de xénero.

Neste senso, o Concello de Santiago, desde hai xa dúas décadas, vén renovando o seu compromiso coa igualdade de xénero a través da publicación e desenvolvemento de distintos plans de igualdade de oportunidades municipais (en diante PIOMS) que rexen os seus programas e accións neste ámbito. Todos estes plans tiñan unha meta común e articulaban diversos obxectivos e iniciativas para logralos, e dende o primeiro, publicado no ano 2001, ata este último que aquí se presenta, constitúen unha ferramenta máis para derribar barreiras e fendas que discriminan as mulleres.

Para afrontar este traballo, o Concello conta cun organismo de extrema importancia e que se erixe como o primeiro pilar: o Centro de Información á Muller (CIM). Este servizo ten diferentes competencias, como

o asesoramento e a información sobre os dereitos das mulleres e acerca de cuestións xurídicas, a promoción da participación social, a atención psicolóxica ou a atención en situacións de violencia de xénero ou de vulnerabilidade.

Ao longo destes anos foron moitas as iniciativas, os talleres, as campañas e, en definitiva, o labor realizado para facer camiño e sensibilizar a poboación sobre a necesidade de unirse e loitar contras as desigualdades por mor do xénero. Mais, aínda así, cómpre seguir traballando nesta liña, adaptando os programas e as accións ás novas necesidades que van xurdindo.

Con esta vontade, e asumindo a súa responsabilidade, o Concello de Santiago de Compostela publica o V Plan de igualdade, que representa non só unha continuidade na liña de PIOMS senón un profundo compromiso coa súa cidadanía e coas súas necesidades e o seu benestar.

Polo tanto, o deseño deste plan levouse a cabo a través dun proceso participativo, no que se se buscou a colaboración de diversos axentes sociais e do tecido asociativo de Compostela co fin de configurar unha folla de ruta que guíe o traballo nos vindeiros anos, adaptándoa á realidade do municipio, ás súas demandas e problemáticas concretas. Esta modalidade participativa tamén pretende que os diferentes entes e, en suma, a poboación en xeral, exerza o seu dereito de valorar e colaborar nas futuras actuacións do Concello en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.

En suma, este plan non nace como un documento programático nin como unha declaración de principios, senón que o fai para ser un marco de traballo diario, para o cal se nutre de medidas e actuacións concretas froito das necesidades reais da poboación compostelá que foron previa e minuciosamente diagnosticadas. E é por iso que a súa posta en marcha contribuirá á diminución das desigualdades e dos desequilibrios existentes entre as mulleres e os homes.



PRINCIPIOS INSPIRADORES

A continuación indícanse os principios reitores que inspiran este V Plan municipal de igualdade e que orientan e rexen os obxectivos e as medidas recollidas.

— Transversalidade das políticas de igualdade.

Todas as áreas, servizos e organismos municipais deben ter integrado o obxectivo da igualdade, así como todas as políticas e procedementos impulsados dende a Administración Local. A desigualdade de xénero non se limita a un único eido, senón que se estende e contamina cada unha das áreas da nosa sociedade, polo que non se pode traballar desde departamentos estancos. Actuar dun xeito transversal, inculcando a perspectiva de xénero en todas as áreas da organización municipal é de vital importancia para lograr os obxectivos marcados.

Debido a iso, este plan inclúe, entre outras medidas, a formación en xénero para todo o persoal municipal.

— Integración da perspectiva de xénero en todas as actuacións.

A perspectiva de xénero debe estar presente na planificación de calquera intervención co fin de evitar a perpetuación da desigualdade. Ningunha política nin actuación é neutra neste senso, polo que é preciso establecer mecanismos e ferramentas para coñecer as necesidades e a situación das mulleres en cada área competente.

Por iso, contar con datos desagregados por xénero e estudos que reflectan a realidade cambiante das mulleres é unha das iniciativas que se indican neste documento para levar a cabo nos vindeiros anos.

— Sensibilización e participación da poboación.

Unha das tarefas prioritarias é a de fomentar que a poboación tome conciencia dos graves desequilibrios por mor do xénero que perduran na nosa sociedade e en todos ámbitos da nosa vida. Dende a Administración Local hai que dar exemplo e promover iniciativas e achegar información para fornecer o compromiso coa igualdade de oportunidades. Ademais, é imprescindible que este esforzo sexa compartido e que os homes dean un paso adiante e recoñezan a súa responsabilidade nesta loita.

Buscar a participación de todos os sectores da poboación (asociacións e colectivos de mulleres, entidades sociais, consellos de participación, axentes sociais etc.) é unha máxima integrada ao longo de todo o plan, xa que entendemos que só así terá éxito.

— Respecto á diversidade.

Non se pode falar de igualdade se non se parte da base do respecto á diversidade, polo que este V Plan pretende visibilizar e poñer en valor a diversidade e a pluralidade de todas as mulleres do municipio. Coñecer esta diversidade e deseñar medidas e actuacións concretas para favorecer a súa inclusión e o seu benestar integral é un dos piares do documento.

Así, reflíctense unha serie de medidas que buscan garantir o respecto á diversidade funcional, afectivo-sexual, de xénero, por cuestións étnicas, de idade... O traballo nestes eidos será fundamental ao longo dos próximos anos e ao abeiro deste V Plan.

— Practicidade e mellora continua.


O deseño do V PIOM prevé iniciativas e medidas, na súa maior parte, concretas e avaladas mediante o proceso de participación social. A practicidade e a avaliación continua do traballo realizado son de vital importancia para ir axustando e adaptando o traballo ás necesidades cambiantes das mulleres e da poboación en xeral.

Neste sentido, o acontecido no ano 2020 por causa da pandemia da Covid-19 puxo de relevo a importancia de crear un documento que permita o seu reaxuste ante as demandas imprevistas.

Inclúese, polo tanto, neste plan, un apartado referente a súa avaliación, que ha de ser continua e tamén final, co fin de introducir as melloras precisas e para asentar as bases dun futuro VI Plan de igualdade.

PRINCIPIOS REITORES

- ▶ Transversalidade das políticas de igualdade
- ▶ Integración da perspectiva de xénero en todas as actuacións
- ▶ Sensibilización e participación da poboación
- ▶ Respecto á diversidade
- ▶ Practicidade e mellora continua



MARCO
NORMATIVO

Ademais dos principios reitores sinalados, este plan nace nun contexto normativo tanto internacional como estatal e autonómico, que o rexe e lle dan a lexitimidade e a importancia que lle corresponde. Algúns dos marcos de referencia que se tiveron en consideración ao longo deste proceso foron os seguintes:

— Ámbito internacional

- Polo seu peso histórico, cómpre facer unha especial referencia á Declaración universal dos dereitos humanos (1948), que nace como un documento que aglutina os dereitos básicos universais para todos os pobos e nacións do mundo. Este documento é o primeiro que recoñece, no plano internacional, os dereitos das mulleres.
- No ano 1975 dan comezo as conferencias mundiais sobre a muller (ONU): a primeira delas na Cidade de México (1975), a segunda en Copenhague no ano 1980, a terceira en Nairobi en 1985 e a última en Beixín no ano 1995. Esta última vén seguida dunha serie de exames quinquenais (o último dos cales, programado para o ano 2020, tivo que suspenderse pola crise xerada pola pandemia mundial). Nestas conferencias trátáronse temáticas e establecéronse obxectivos sobre a desigualdade laboral, a violencia de xénero, a educación, a economía, a saúde etc., e constitúen unha revolución na axenda mundial pola igualdade.
- No ano 1983 España ratifica a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW), adoptada o 18 de decembro de 1979 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 34/180, do 18 de decembro de 1979. Nela establécense unha serie de medidas ao longo de 30 artigos que buscan a consecución da igualdade entre mulleres e homes.
- Destacan en materia laboral os convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT) que protexen os dereitos laborais das mulleres: convenio núm. 100 da igualdade de remuneración, convenio núm. 111 da discriminación no emprego e ocupación, convenio núm. 156 das persoas traballadoras con responsabilidades laborais e núm. 183 de protección á maternidade.
- Por último, e en relación ao ámbito local, debe considerarse a Declaración mundial da Unión Internacional de Autoridades Locais (IULA) sobre as mulleres no goberno local, aprobada no ano 1998 en Cimbabue. Esta declaración destaca a posición excepcional na que se atopa a administración local para mellorar a situación das mulleres por ser o eido máis próximo á cidadanía e que “por iso desfruta dunha posición ideal para involucrar as mulleres, tanto na toma de decisións que concirnen ás súas condicións de vida, como para aproveitar os seus coñecementos e capacidades na promoción dun desenvolvemento sustentable”.

— Ámbito europeo

- O Tratado de Ámsterdam é o primeiro acordo comunitario en implementar a perspectiva de xénero na axenda da Comunidade Europea.
- A Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2000), no seu artigo 23, recolle a igualdade entre mulleres e homes da seguinte forma: “A igualdade entre mulleres e homes deberá garantirse en todos os ámbitos, inclusive en materia de emprego, traballo e retribución. O principio de igualdade non impide o mantemento ou a adopción de medidas que supoñan vantaxes concretas en favor do sexo menos representado”.
- En materia laboral, o Tratado de funcionamento da Unión Europea (versión consolidada do ano 2019), no seu artigo 157, establece a igualdade entre mulleres e homes na retribución e no emprego.
- Na mesma liña está a directiva 2006/54/ce do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre mulleres e homes en asuntos de emprego e ocupación (refundición).
- A Estratexia de igualdade de xénero 2014-2017, adoptada polo Comité de Ministros do Consello de Europa en novembro do ano 2013, recoñece que en materia de igualdade “se ben o progreso é visible (logros educativos, participación no mercado laboral, representación política), as fendas de xénero aínda persisten en moitas áreas, manténdose os homes nos

seus roles tradicionais e limitando as oportunidades das mulleres para afirmar os seus dereitos fundamentais e facer valer os seus intereses". Así, no ano 2015 o Consello adoptou o Plan de acción en materia de xénero 2016-2020, que reflicte a necesidade de conseguir plenamente o obxectivo da igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres e das nenas, así como o desfrute íntegro e en condicións de igualdade de todos os seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

- É necesario mencionar o Plan de acción para a igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres na acción exterior 2021-2025 (GAP III) da Unión Europea, de recente publicación.
- No marco local, a Carta europea para a igualdade de mulleres e de homes na vida local, elaborada e promovida polo Consello de Municipios e Rexións de Europa e polos seus asociados, parte do recoñecemento de que "as entidades locais e rexionais, que son as esferas de goberno máis próximas á poboación, representan os niveis de intervención máis axeitados para combater a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria".

— Ámbito estatal

- A igualdade de xénero no marco estatal está recollida na propia Constitución española, concretamente, no capítulo de dereitos e liberdades, artigo 14, que estipula o seguinte: "Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". Ademais, o artigo 9.2 establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos que se integran sexan reais e efectivas.
- En materia de conciliación, o texto consolidado da Lei 39/1999, do 5 de novembro, de conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, recolle todas as directrices ao respecto. Esta lei introduce cambios normativos no ámbito laboral para que as persoas traballadoras poidan participar da vida

familiar e trata de velar polo equilibrio dos permisos de maternidade e paternidade co fin de evitar que iso afecte negativamente as posibilidades de acceso ao emprego, as condicións de traballo e o acceso a postos de especial responsabilidade das mulleres.

- O texto consolidado da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recolle todas as medidas integrais que cómpre adoptar en casos de violencia de xénero e tamén as relativas á prevención e á sensibilización.
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece o seu obxectivo no artigo 1: "As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes". Esta lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal sexa a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, acadar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.
- Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación.
- A igualdade salarial está recollida no Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.
- Por último, cómpre incluír neste punto o Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro (que modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo).

— Ámbito autonómico

- Ao igual que o marco estatal abre coa Constitución, no marco autonómico o primeiro texto que se ten que mencionar é o Estatuto de autonomía para Galicia que no seu artigo 4.2 establece: "Corresponde aos


poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, promover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

- Un dos textos máis importantes no marco autonómico é o Decreto Lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (e as modificacións introducidas nel pola Lei 13/2021, de 20 de xullo, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación). O obxecto deste decreto queda recollido no seu artigo 1.1: “A Comunidade Autónoma de Galicia reforza, a través deste texto refundido, o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia”.
- En canto á violencia de xénero, tense en conta a Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 12/2016 do 22 de xullo e a Lei 14/2021 do 20 de xullo) que expón no seu artigo 1.1 o seguinte obxecto: “Constitúe o obxecto desta lei a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.”
- O Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- Por último, é importante mencionar neste marco

a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O artigo 1.1. de esta lei sinala: “O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.”

— Ámbito local

- IV Plan de igualdade 2017-2020 do Concello de Santiago de Compostela.
- Diagnose sobre as desigualdades de xénero en Santiago de Compostela 2015.



METODOLOGÍA E FASES DO TRABALLO

O proceso de elaboración do V Plan tivo como punto de partida a análise da normativa vixente en materia de igualdade, tanto do ámbito municipal como supramunicipal, co fin de enmarcar o documento nos seus principios e obxectivos.

O seguinte paso consistiu na análise documental de diversos informes, avaliacións e diagnósticos dispoñibles para actualizar e adecuar a panorámica recente en relación coa situación da igualdade no concello. Especialmente, unha exhaustiva revisión do anterior Plan de igualdade permitiu coñecer os eidos nos que se levaron a cabo máis esforzos, pero tamén aqueles máis febles e que convén fortalecer nos vindeiros anos.

Esta revisión cuantitativa completouse cunha análise sociodemográfica do municipio de Santiago de Compostela para obter unha radiografía sobre a situación das mulleres nos diversos ámbitos de intervención municipal así como para amosar, na medida do posible, cal foi a evolución recente da situación. Para levar a cabo esta análise empregouse información de fontes oficiais, como o INE, o IGE, o Instituto Galego das Cualificacións, datos do poder xudicial, estudos anteriores realizados polo Concello e pola USC e información facilitada polo propio CIM. O resultado de toda esta revisión e análise é un dos piares nos que se fundamenta o PIOM.


De forma paralela, e facendo uso dunha metodoloxía participativa, solicitouse unha entrevista ou xuntanza con cada unha das persoas responsables das concellarías e áreas que conforman o Concello de Santiago. A finalidade destas entrevistas foi obter información de primeira man sobre a situación do municipio en materia de igualdade e coñecer as súas demandas e necesidades así como o traballo realizado nos últimos anos en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero. Así mesmo, cada representante político e cada técnica ou técnico entrevistados indicaron onde habería que poñer o foco de cara a deseñar medidas e actuacións para fomentar a igualdade de xénero.

No marco desta fase cualitativa tamén se contactou coas diversas asociacións e colectivos que, dentro de Santiago, traballan dun xeito ou doutro para garantir os dereitos das mulleres. Todos estes entes sociais participaron da elaboración do plan, achegando necesidades que se traduciron en obxectivos e medidas concretas que se van desenvolver.

Ademais destas entrevistas tamén se levaron a cabo dous grupos de traballo (nos que participaron persoas previamente entrevistadas) para poñer en consenso as medidas e obxectivos recollidos na primeira fase de entrevistas individuais. A partir destes grupos redactouse o plan definitivo que aquí se recolle.

A continuación indícanse todas as entidades e persoas participantes neste proceso, ás que, dende aquí, lles agradecemos o tempo que dedicaron e as súas achegas para facer deste PIOM un programa realista, práctico, consensuado e adaptado ás necesidades de Santiago e da súa poboación.

ENTIDADES	PERSOA REPRESENTANTE
Alcalde. Competencias adscritas: Promoción Económica, Emprego, Mercados e Comercio	Xosé A. Sánchez Bugallo
Concelleiro responsable de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo	Gumersindo Guinarte Cabada
Concelleira responsable de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local	Marta Abal Rodríguez
Concelleira responsable de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns	María Milagros Castro Sánchez
Concelleiro responsable de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas	Gonzalo Muíños Sánchez
Concelleira responsable de Deportes e Benestar Animal	María Esther Pedrosa Carrete
Grupo Municipal do PP	María Castelao Torres
Grupo Municipal Compostela Aberta	Marta Lois González
Grupo Municipal do BNG	Goretti Sanmartín Rei
CIM (Centro de Información á Muller)	Teresa Furelos Toral
Concellería de Educación, Mocidade e Políticas Lingüísticas	Beatriz Varela Morales
Xefatura de Servizo de Centros Socioculturais e RRVV e Consello Municipal de Relacións Veciñais	Enrique Vázquez Naveira
Xefatura de servizo de Circulación e Tráfico	María Moreno Berguer
Departamento de Lingua Galega	Socorro García Conde
Dirección de Área de Urbanismo	Ana Prieto Florez
Protección Civil	Begoña del Río Martínez
Unidade de Atención ás Migracións (UAMI)	Carmen Peñamaría Mallou
Servizo de Acción Cultural e Auditorio de Galicia	Xesús Amado Reino
Transporte Urbano de Santiago SA (TUSSA)	Jose Ramón Mosquera
Asociación de Mulleres Progresistas “Alba”	Guadalupe Rodríguez Silva
Fundación Secretariado Xitano	Ramona Pérez
Asociación XIARA-Empregadas do fogar	Teresa Rodríguez
Asociación Amizando	Daniela Fernández
Asociación Arraianas	
Asociación 100TOLAS - Grupo de Teatro das Oprimidas	Ángeles Fraga
Asociación Intered	Bárbara Penas
Asociación CromosomosX	Bárbara Penas
ANDAINA - Revista Galega de Pensamento Feminista	Nanina Santos Castroviejo
Resistencia en Terra Allea	Angelly Ferreiro
MaterFem - Maternidades Feministas Galegas	
Asociación QuerENDO, mulleres con endiometrose	Cristina Novoa Fraga
Asoc. Mulleres Cristiás Galegas - EXERIA	
Avante LGBT+	
FADEMUR - Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia	Cristina Pedreira
Asociación de Mulleres Recandea	María Paz Rivas Bouzas
Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR)	
Asociación Centinelas	
Rede Educativa de Apoio LGBT de Galicia	
Xornalistas Galegas	
STEG - Sindicato de traballadoras e traballadores do Ensino de Galiza	Consuelo Rodríguez Prieto






POBOACIÓN
DESTINATARIA

O V Plan de igualdade municipal está dirixido a toda a poboación de Santiago, non só ás mulleres, xa que sen a implicación do conxunto non se poderán alcanzar os obxectivos fixados. É un documento que aspira a que a igualdade de xénero sexa un principio reitor no municipio e atinxa os diferentes grupos e colectivos e para iso será imprescindible contar coa colaboración do persoal municipal, do tecido asociativo e empresarial, dos centros educativos etc.



PERÍODO DE
VIXENCIA

- 2022 — 2025



ÁREAS DE ACTUACIÓN E OBJECTIVOS

O V Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para o concello de Santiago (2022-2025) estruturase en seis de áreas de intervención. Cada unha desas áreas recolle unha serie de obxectivos e medidas ou actuacións específicas para logralos.

A estrutura queda conformada da seguinte maneira:

1 — Coeducación e formación con perspectiva de xénero.

Aborda o fomento da igualdade de xénero e a prevención da violencia no eido municipal. Os obxectivos específicos son:

- Desenvolver iniciativas que promovan unha educación baseada na igualdade de oportunidades, especialmente entre a poboación máis nova.
- Visibilizar a achega das mulleres destacadas no ámbito cultural, científico, empresarial, deportivo e social.
- Promover a implicación dos homes na consecución da igualdade e na erradicación da violencia machista.

2 — Formación, inserción laboral e conciliación dos tempos laborais, familiares e persoais.

Persegue impulsar a inserción laboral das mulleres a través da formación e da accesibilidade aos recursos de conciliación. Os obxectivos específicos son:

- Favorecer actividades de formación que aumenten a promoción, incorporación e/ou reincorporación das mulleres ao mercado laboral.
- Facilitar o emprendemento das mulleres.
- Potenciar servizos públicos e políticas de conciliación e corresponsabilidade.

3 — Apoderamento, participación e asociacionismo.

Busca fomentar o poderemento e a participación das mulleres en todos os eidos públicos e espazos sociais. Os obxectivos específicos son:

- Favorecer o poderemento e a independencia das mulleres.
- Apoiar e asesorar ás asociacións que traballan a favor da igualdade de oportunidades.
- Valorar e visibilizar a contribución social das asociacións, especialmente dos colectivos de mulleres.

4 — Calidade de vida e benestar integral de colectivos específicos.

Procura facilitar accións específicas que repercutan directamente na mellora da calidade de vida das mulleres en todos os ámbitos. Os obxectivos específicos son:

- Impulsar a cidade como un espazo amigable.
- Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres maiores e do rural.
- Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres de etnia xitana.
- Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres con diversidade funcional.
- Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres migrantes e racializadas.
- Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres LGTBIQ+.
- Promocionar hábitos de vida saudables e fomentar a práctica deportiva.

5 — Transversalidade de xénero na Administración Local.

Trata de introducir a transversalidade de xénero en todas as áreas e departamentos que conforman o Concello de Santiago. Os obxectivos específicos son:

- Fomentar a perspectiva de xénero en toda a xestión municipal e potenciar a implicación do persoal político e técnico.
- Promover os valores igualitarios entre toda a poboación do municipio.

6 — Sensibilización e erradicación da violencia de xénero.

Intenta sensibilizar a poboación en materia de violencia de xénero co fin de previla e de garantir os dereitos das mulleres, e das súas crianzas, cando se produza unha situación de maltrato. Os obxectivos específicos son:

- Impulsar a información, a sensibilización e a prevención en torno á violencia de xénero.
- Reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero.
- Construír unha cidade segura.

ÁREA 1

COEDUCACIÓN E FORMACIÓN CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

V PLAN DE IGUALDADE

Debemos dicirlles ás nosas mozas que as súas voces son importantes.

Malala Yousafzai

— OBXECTIVO XERAL

○ Fomentar a igualdade de xénero e a prevención da violencia no eido municipal

A educación é, moi posiblemente, a ferramenta máis potente coa que contamos na actualidade para camiñar cara á igualdade efectiva. Por tanto, é a nosa responsabilidade como sociedade ofrecer unha educación inclusiva e con perspectiva de xénero que abra novos horizontes para as nenas e os nenos e que inculque uns valores axeitados que posteriormente reproducirán ao longo das súas vidas. A única forma de conseguir que un cambio significativo e real se materialice no concello de Santiago nos próximos anos é preparando e sensibilizando o alumnado, xa que este representa o futuro.

Non é pouco o persoal do Concello, das asociacións e das agrupacións que demostrou ter coñecemento desta problemática e transmitiu, ao longo do proceso de elaboración deste plan, a súa preocupación porque en Santiago se ofrezca unha educación á altura da sociedade que perseguimos. É por iso que as seguintes medidas se desenvolveron intentando incorporar a perspectiva de xénero en todas as persoas implicadas no ámbito educativo.

As entidades que toman parte do desenvolvemento educativo das crianzas son a escola e a familia e, polo tanto, son elas as principais responsables de educar en perspectiva de xénero. É por isto que as medidas que se presentan para esta área deseñáronse para incidir nos seguintes puntos:

- O primeiro paso para conseguir unha formación axeitada é ofrecela aos propios axentes educativos. Talleres formativos sobre diferentes temáticas (igualdade de xénero, educación afectivo-sexual,

corresponsabilidade, linguaxe inclusiva, diversidade de xénero etc.) para o profesorado e as familias son fundamentais para sensibilizar na necesidade de cambiar a educación e facela máis inclusiva.

- Para facilitar a tarefa das familias e o profesorado cómpre ofrecerlles diferentes recursos e guías (xogos, libros, audiovisuais etc.) que poidan empregar como ferramentas para inculcar nas nenas e nos nenos a perspectiva de xénero e outras materias tan importantes como o respecto á diversidade ou o rexeitamento da violencia.
- Doutra banda, a responsabilidade non pode recaer unicamente nestes axentes, o Concello debe ser o vehículo de diferentes proxectos que enchan de contido as aulas.
- É necesario visibilizar referentes diversas femininas en todos os ámbitos, especialmente naqueles máis masculinizados (no deporte, nas carreiras científico-técnicas etc.). Dar o espazo que merece a achega das mulleres nestes campos axuda a abrir camiño ás nenas que se queiran dedicar a elas.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

- **Desenvolver iniciativas que promovan unha educación baseada na igualdade de oportunidades, especialmente entre a poboación máis nova.**

1 — Crear un apartado na páxina web municipal no que se recollan recursos educativos que promovan a igualdade, como por exemplo guías, listados de libros e películas, dinámicas para realizar nas aulas, calendarios ou recursos dixitais.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Educación, Igualdade e Comunicación

2 — Dar continuidade aos programas educativos Compigual e Melibea, así como aos diferentes programas anuais que se levan a cabo en prol da igualdade nos centros, como as campañas en torno ao uso non sexista dos xoguetes. Estes programas deben ir adaptándose e actualizándose ás necesidades que vaian xurdindo. Dentro deste programa non debe esquecerse a formación con perspectiva de xénero ao profesorado e ás familias (ANPAS).

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Educación

3 — Levar a cabo algunha charla ou taller anual dirixida á poboación adolescente e centrada na información sobre a diversidade sexual e o respecto ao colectivo LGTBIQ+.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Educación, Mocidade e tecido asociativo

4 — Colaborar coas diferentes asociacións e colectivos para impartir charlas, talleres, cursos etc., a prol da igualdade, da inclusión e contra a violencia, nos centros educativos. Este tipo de colaboracións permite fornecer o tecido asociativo, economizar recursos e normalizar a diversidade. Buscarase que esta colaboración non sexa puntual senón continuada, polo que as asociacións interesadas e o Concello deberán establecer un plan de traballo anual.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Educación, Igualdade, Participación Cidadá e tecido asociativo

5 — Incluír en todos os campamentos e actividades de conciliación organizadas polo Concello valores igualitarios e accións que promovan a resolución pacífica de conflitos.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Educación e Igualdade

6 — Realizar dinámicas participativas dirixidas á poboación adolescente para abordar a violencia nos novos medios de comunicación (redes sociais, televisión, videoxogos, series, música...). Pódese contar co tecido asociativo para a realización desta medida así como con persoas ou entidades especialistas en violencia dixital.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Educación, Mocidade, Igualdade e tecido asociativo

7 — Diseñar e organizar iniciativas que conmemoren datas como o 8M e o 25N en colaboración cos centros educativos e buscando o apoio de asociacións, colectivos feministas e a USC. Por exemplo, realización de pancartas, vídeo-foros, creacións de curtas ou vídeos, concurso de debuxos, creación de calendarios, talleres dinámicos como teatro, contacontos etc.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Educación, Igualdade e Participación Cidadá

INDICADORES



- Creación dunha listaxe de materiais para traballar a igualdade nas aulas e a súa dispoñibilidade na rede e accións de difusión.
- Número de recursos dispoñibles/creados/publicados... para traballar a igualdade nas aulas.
- Número de recursos dispoñibles na rede.
- Número de accións de difusión dos recursos realizadas.
- Continuidade dos programas e campañas educativas existentes no municipio e o número de accións levadas a cabo no seu contexto e nos colexios inscritos no mesmo.
- Número de talleres levados a cabo nos centros educativos e a súa diversidade temática.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Visibilizar a achega das mulleres destacadas no ámbito cultural, científico, empresarial, deportivo e social

8 — Continuar incluíndo referentes femininos no nomenclátor da cidade. Para lograr este obxectivo debe cumprirse o acordo de feminización das rúas xa adoptado no Concello.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Urbanismo

9 — Aproveitar as conmemoracións do 8 de marzo para visibilizar cada ano unha muller cun labor destacable pola súa achega en diferentes áreas (cultura, ciencia, arte, deporte...).

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Acción Cultural e Comunicación

10 — Promover, en colaboración coas asociacións, exposicións e mostras da produción cultural e artística realizada por mulleres e nas que se poñan en valor as mulleres, atendendo á diversidade cultural, funcional, sexual, de idades etc.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Acción Cultural e Casa Xohana Torres

11 — Ter en conta o enfoque de xénero na programación das actividades culturais municipais, prestando especial atención á paridade entre mulleres e homes así como aos contidos reflectidos, o material empregado, as temáticas abordadas etc.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Acción Cultural e Centros Socioculturais

12 — Levar a cabo accións específicas nas que se aborden os estereotipos de xénero en relación coas profesións. Trátase de visibilizar as mulleres en profesións tradicionalmente masculinizadas e viceversa, así como de expoñer exemplos de novas masculinidades.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Educación e Igualdade

13 — Organizar actividades ou iniciativas para conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro).

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Educación, Participación Cidadá e tecido asociativo

INDICADORES



- Número de espazos aos que se lles outorgará o nome dalgunha muller salientable nalgún eido.
- Número de actividades e iniciativas de diversa índole levadas a cabo no termo municipal con perspectiva de xénero.
- Número de eventos levados a cabo coa intención de visibilizar a achega feminina en distintos eidos. Difusión dos eventos e número de persoas participantes desagregada por xénero.
- Número de iniciativas desenvolvidas en torno ao Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

- **Promover a implicación dos homes na consecución da igualdade e na erradicación da violencia machista**

14 — Fomentar a participación dos pais nas actividades educativas e de lecer dirixidas ás crianzas, a través dunha campaña de carteis, dípticos etc., situada nos centros socioculturais, educativos, bibliotecas e demais espazos públicos.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Educación, Igualdade e Centros Socioculturais

15 — Deseñar algunha iniciativa na que se aborde a importancia da implicación dos homes na consecución da igualdade, novos modelos de masculinidades, xestión de emocións, visibilizar privilexios dos homes, corresponsabilidade etc.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade

INDICADORES



- Número de accións levadas a cabo coa intención de fomentar a participación masculina.
- Número de homes participantes.

ÁREA 2

FORMACIÓN,
INSERCIÓN
LABORAL E
CONCILIACIÓN
DOS TEMPOS
LABORAIS,
FAMILIARES E
PERSOAIS

V PLAN DE IGUALDADE

A muller, sen instrución completa, sen dereitos, sen liberdade para a competencia, sen alternativa en ningún ramo (...) trata de brancas (...) a brancura corríxese con baños de tinta, co mesmo que se corríxirían tantas cousas! Instrución, instrución, instrución, equidade, equidade, liberdade, acceso a todo; que a muller poida facer o que lle permitan as súas facultades, sen tropezar en preocupacións, nin caprichosas trabas.

Emilia Pardo Bazán

— OBXECTIVO XERAL

○ Impulsar a inserción laboral das mulleres a través da formación e da accesibilidade aos recursos de conciliación

A análise diagnóstica do concello de Santiago que se levou a cabo revelou unha serie de desigualdades que afrontan as mulleres en materia laboral e ás que este plan intentará facer fronte.

En primeiro lugar cabe destacar a feminización existente no sector servizos e, de xeito máis agudo, no réxime especial de traballadoras do fogar, ambos os dous cunha alta porcentaxe de traballo precario e de economía somerxida. Estas características fai as mulleres máis vulnerables a sufrir en maior medida as consecuencias das crises, como a recentemente xerada pola pandemia. Ademais, as mulleres de Santiago perciben de media un 11,2% menos de salario por hora que os homes.

Estas desigualdades supoñen unhas importantes trabas na súa independencia económica e incrementan a vulnerabilidade xa que, de feito, a maioría das persoas que precisan de axudas económicas de inclusión ou integración son mulleres.

Doutra banda, a incorporación da muller ao traballo remunerado é un feito que non se produciu ata hai relativamente pouco tempo, o que ten a consecuencia asociada de que as mulleres representan, dun xeito pronunciado, a maioría das persoas que perciben pensións non contributivas da Seguridade Social.

Esta incorporación ao traballo remunerado non veu acompañada, na maioría dos casos, dunha repartición igualitaria entre os membros do fogar do traballo doméstico e dos coidados. Estas tarefas son tradicionalmente adxudicadas ás mulleres, tendo que asumiren o seu peso, ademais, dunha forma invisibilizada e non remunerada. Esta situación dificulta en gran medida a conciliación coa vida laboral e proba disto é que as mulleres son as máis propensas a pedir redución ou flexibilización da xornada laboral para o coidado das crianzas.

Todo isto súmase a unha dobre ou tripla discriminación cando falamos de mulleres do rural, racializadas, LGTBIQ+ etc.

Estas realidades fan necesario enfocar o labor do Concello en mellorar as condicións laborais das mulleres e, con ese obxectivo e tendo en conta en todo momento as peticións dos diferentes colectivos de mulleres de Santiago, deseñáronse as medidas desta área.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Favorecer actividades de formación que aumentan a promoción, incorporación e reincorporación das mulleres ao mercado laboral

16 — Adaptar a oferta formativa á realidade do mercado laboral e ás necesidades detectadas no servizo de orientación, tendo en conta especialmente as mulleres e outros colectivos en relación aos oficios onde están subrepresentadas.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Servizos Sociais e Igualdade

17 — Informar e dar a coñecer os dereitos laborais e os recursos para a súa defensa a través de dípticos, charlas, cartalería etc. nos espazos públicos, especialmente nos de maior uso por parte das mulleres.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Igualdade e Comunicación

18 — Ampliar a oferta formativa respecto ao coidado: persoas maiores, dependentes etc. Esta formación ofrecerase especialmente ao colectivo de persoas empregadas do fogar co fin de mellorar a súa empregabilidade.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Igualdade e tecido asociativo

19 — Deseñar unha programación formativa dirixida a mellorar a inserción laboral das mulleres en situación de vulnerabilidade e doutros colectivos vulnerables (por exemplo, mulleres racializadas, colectivo LGBT+ etc.)

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizos Sociais, Servizo de Emprego e Igualdade

20 — Celebrar eventos co fin de promocionar o emprego e a inserción laboral (como por exemplo o evento Talentia). No marco deste evento poden desenvolverse iniciativas para mellorar a empregabilidade das mulleres, como por exemplo:

- Talleres de preparación de currículos e abordamento de entrevistas persoais...
- Talleres de autovaloración e reforzamento da autoestima.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego e Igualdade

21 — Realizar e promocionar charlas dirixidas ao empresariado centradas na importancia da igualdade no marco das empresas, da prevención dos estereotipos con respecto a diversos colectivos (LGTBIQ+, migrantes...) e do favorecemento da conciliación, responsabilidade social corporativa...

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego e Igualdade

22 — Outorgar un premio anual a organizacións e entidades que destaquen pola súa loita a prol da igualdade entre todas as persoas e contra a violencia machista.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Oficina de Promoción Económica, Igualdade, Comunicación e tecido empresarial

INDICADORES



- Número de talleres formativos co obxectivo de fomentar a empregabilidade das mulleres.
- Número de persoas beneficiarias dos programas formativos deseñados para mellorar a inserción ou promoción laboral.
- Equiparación das características da taxa de paro entre xéneros.
- Accións de difusión dos dereitos laborais existentes.
- Número de actividades con perspectiva de xénero levadas a cabo no seo de eventos centrados na promoción do emprego e da inserción laboral.
- Convocatoria dun premio que valore as boas prácticas de organización e entidades a favor da igualdade.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Facilitar o emprendemento das mulleres

23 — Continuar organizando anualmente a Feira de Emprendedoras de Compostela centrándoa cada ano nun sector específico. Unha das convocatorias deberá xirar en torno ás iniciativas empresariais das mulleres no rural.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Oficina de Promoción Económica, Igualdade, Comunicación e tecido empresarial e asociativo

24 — Incluír na páxina web municipal un apartado no que se recollan as axudas, recursos, subvencións etc., relacionados coa orientación e o apoio ao emprendemento. Así mesmo, deben difundirse os recursos existentes no concello en materia de información e asesoramento na busca de emprego e emprendemento.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Oficina de Promoción Económica, Igualdade e Comunicación

25 — Realización dalgún curso que aborde temáticas como o liderado, a xestión de equipos e a resolución de conflitos no eido empresarial.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Oficina de Promoción Económica, Igualdade, Comunicación e tecido empresarial

26 — Levar a cabo unha xornada sobre o cooperativismo, incluíndo exemplos de cooperativas de mulleres de éxito en Galicia.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizo de Emprego, Oficina de Promoción Económica, Igualdade, Comunicación e tecido empresarial

INDICADORES



- Número de accións levadas a cabo para fomentar o emprendemento de mulleres.
- Número de persoas participantes en eventos destinados á promoción do emprendemento feminino e doutros colectivos vulnerables.
- Continuidade da Feira de Emprendedoras de Compostela.
- Número de empresas lideradas por mulleres.
- Accións de difusión dos recursos existentes no concello en materia de información e asesoramento para a busca de emprego e o emprendemento.

— OBXECTIVO
ESPECÍFICO

● **Potenciar os servizos públicos e as políticas de conciliación e corresponsabilidade.**

27 — Manter os diferentes servizos de conciliación ofrecidos polo Concello (escolas infantís, campamentos, centros de día, actividades etc.) e garantir as condicións laborais axeitadas para as persoas traballadoras destes servizos. Neste senso, difundir e respectar a campaña Concilia Santiago.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Intervención, Educación e Igualdade

28 — Ampliar, se así se demanda, o número de prazas gratuítas en actividades e recursos de conciliación reservadas a persoas ou familias en situación de vulnerabilidade, así como ás familias monoparentais.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Intervención, Servizos Sociais e Igualdade

29 — Redacción, aprobación e posta en marcha do novo regulamento do Servizo de Atención Domiciliaria e Comunitaria á infancia do Concello. A través deste novo regulamento poderanse establecer, por exemplo, servizos de canguraxe.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Intervención, Servizos Sociais e Igualdade

30 — Preferentemente non levar a cabo actividades, actos oficiais, de presentación, roldas de prensa etc., en horarios que non faciliten a conciliación (por exemplo, a partir das oito da tarde). Favorecer e impulsar o uso e a participación neste tipo de actos e actividades a través de opcións telemáticas.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Comunicación

31 — Creación, sempre que sexa posible, de prazas ou puntos de parada puntual na contorna das escolas e centros educativos para facilitar a recollida das e dos menores.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Urbanismo e Tráfico

INDICADORES



- Porcentaxe de prazas gratuítas nas actividades de conciliación realizadas polo Concello.
- Número de actividades de conciliación ofrecidas polo Concello.
- Diminución da realización de actos oficiais fóra dos horarios axeitados para facilitar a conciliación.
- Fomento do emprego das opcións telemáticas na participación dos diferentes actos municipais.
- Número de prazas creadas preto dos centros educativos reservadas para paradas puntuais.

ÁREA 3

APODERAMENTO, PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO

V PLAN DE IGUALDADE

*Arriba todas, rapaciñas do lugar!, que o sol i a
aurora xa vos vén a espertar.*

Rosalía de Castro

— OBXECTIVO XERAL

○ **Fomentar o apoderamento e a participación das mulleres en todos os eidos públicos e espazos sociais**

O apoderamento feminino é un concepto que xa se incluía na Conferencia Mundial sobre a Muller de Nairobi no ano 1985 pero que nos últimos anos está a gañar forza. Fai referencia ao proceso a través do cal unha muller toma conciencia e se apropia do seu propio poder, desafiando a ideoloxía patriarcal e entrando na loita pola igualdade de xénero.

O apoderamento é, polo tanto, un acto cun carácter moi íntimo e persoal que se materializa nunha faceta externa que é a participación, nun sentido amplo da palabra. Na Conferencia Mundial de Beixín, no ano 1995 declárase: A potenciación do papel da muller e a súa plena participación en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade, incluída a participación nos procesos de adopción de decisións e o acceso ao poder, son fundamentais para o logro da igualdade, o desenvolvemento e a paz.

É dicir, o apoderamento e a participación son actos profundamente irmandados e, a maioría das veces, un é consecuencia directa do outro.

As mulleres teñen que enfrontarse a diversos obstáculos para poderen participar en todas as esferas sociais. O chamado “teito de cristal” e o “chan pegañento”, a repartición desigual do poder, os estereotipos de xénero, a masculinización de certas esferas etc., son elementos que dificultan a participación. Non obstante, existen outros, como é o asociacionismo de mulleres, que potencian esta participación.

O tecido asociativo de mulleres do concello de Santiago é rico, diverso e fai un importantísimo labor para o

municipio, polo que resulta de vital importancia que se sinta apoiado institucionalmente e que se inclúa e participe do traballo realizado a prol da igualdade.

O Concello debe enfocarse en ofrecer recursos e facer un esforzo para estreitar a colaboración con estas organizacións, xa que son unha fonte de coñecemento sobre as problemáticas de Santiago e unha vía aberta para chegar aos distintos colectivos de mulleres que habitan o municipio. Ademais, unha estreita colaboración axudará a xestionar os recursos dun xeito máis eficaz.

Con este obxectivo en mente e coa vontade de apoderar as mulleres de Santiago e facilitar e fomentar a súa participación en todos os ámbitos do municipio, preséntanse as medidas desta área.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Favorecer o apoderamento e a independencia das mulleres.

32 — Poñer en marcha cursos específicos sobre o uso dos recursos tecnolóxicos municipais co fin de garantir a independencia das mulleres á hora de realizaren os diversos trámites administrativos. Flexibilizar, na medida do posible, a obriga de realizar os diversos trámites a través de vías tecnolóxicas.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Modernización da Administración Local, Educación e Igualdade

33 — Diseñar unha campaña de sensibilización dirixida á cidadanía na que se visibilice e se valore a importancia dos coidados tanto de persoas dependentes como de menores etc.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Servizos Sociais, tecido asociativo e Comunicación

34 — Ofrecer charlas, cursos ou talleres que traten o apoderamento, a importancia do autocoidado e a autoestima, a valoración do traballo persoal etc. Estas iniciativas deben ser especialmente difundidas entre os colectivos máis vulnerables, como por exemplo as mulleres migrantes, empregadas do fogar, as coidadoras de persoas dependentes etc.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Servizos Sociais e tecido asociativo



INDICADORES

- Número de participantes (con desagregamento por xénero) nas actividades levadas a cabo para sensibilizar sobre a importancia dos traballos relacionados co coidado.
- Número de accións levadas a cabo co obxectivo de traballar o apoderamento e éxito á hora de conseguir que estas actividades cheguen aos colectivos máis vulnerables.
- Cursos sobre o uso de recursos tecnolóxicos realizados e número de persoas asistentes con desagregamento por xénero.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Apoiar e asesorar ás asociacións que traballan a favor da igualdade de oportunidades.

35 — Publicitar e difundir periodicamente os diferentes espazos existentes onde as diferentes asociacións e colectivos de mulleres poden reunirse, traballar, impartir charlas etc.

TEMPORALIDADE: Continuo

ÁREAS IMPLICADAS: Centros Socioculturais, Igualdade e Participación Cidadá

36 — Simplificar a burocracia de acceso aos diferentes espazos públicos municipais co fin de impulsar o asociacionismo e a reunión dos colectivos de mulleres. De ser necesario realizarase un labor de acompañamento á hora de reservar espazos como a Casa Xohana Torres ou centros socioculturais.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Centros Socioculturais, Casa Xohana Torres e Igualdade

INDICADORES



- Accións levadas a cabo para facilitar o acceso a espazos públicos municipais.
- Difusións realizadas sobre os espazos destinados ao uso das diversas asociacións.

38 — Reactivación do Consello da Muller co fin de fortalecer a relación entre as asociacións e colectivos de mulleres e o Concello así como de favorecer e fomentar a súa participación na vida municipal.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Casa Xohana Torres, Participación Cidadá e Comunicación

INDICADORES



- Actualización do rexistro de asociacións do Concello.
- Reactivación do Consello da Muller.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

- **Valorar e visibilizar a contribución social das asociacións, especialmente dos colectivos de mulleres.**

37 — Actualizar e publicar na web do Concello o rexistro de asociacións, colectivos de mulleres e de LGTB+ existentes no municipio. Este rexistro debe ser o máis completo posible, incorporando persoas de referencia, contacto, enderezo e mesmo indicando un breve resumo sobre a traxectoria de cada asociación.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Participación Cidadá e Comunicación

ÁREA 4

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL DE COLECTIVOS ESPECÍFICOS

*Por un mundo onde sexamos socialmente iguais,
humanamente diferentes e totalmente libres.*

Rosa Luxemburgo

— OBXECTIVO XERAL

- **Facilitar accións específicas que repercutan directamente na mellora da calidade de vida das mulleres en todos os eidos**

A OMS di que a calidade de vida “é a percepción do individuo sobre a súa posición na vida dentro do contexto cultural e do sistema de valores no que vive e con respecto ás súas metas, expectativas, normas e preocupacións”.

É dicir, mellorar a calidade de vida dunha persoa ou dun colectivo de persoas é mellorar a percepción que ten sobre a súa propia posición na sociedade. Nesta percepción inciden diferentes indicadores que se terán en conta neste área, tales como a participación, a saúde, a integración...

Doutra banda, o benestar integral engloba o benestar físico, emocional e social dun individuo. Neste senso, adquire especial importancia prestar atención a colectivos específicos, cuxa situación de vulnerabilidade os fai propensos a non poder aspirar a un benestar integral.

Na análise diagnóstica levada a cabo para este plan obsérvase como a pirámide poboacional de Santiago de Compostela se atopa sensiblemente envellecida, mesmo dun xeito máis notable no caso das mulleres e especialmente agudizado no rural. Polo tanto, é necesario ter en conta e atender ás necesidades especiais que poida ter o colectivo de mulleres maiores de Santiago.

En canto ás mulleres racializadas, afrontan unha dobre discriminación que as sitúa nunha situación de especial vulnerabilidade. A discriminación que sofren as mulleres e a discriminación racial teñen que estudarse non só como fenómenos independentes senón como discriminacións que poden manifestarse de forma simultánea, e que só poden enfrontarse deseñando medidas especialmente dirixidas ás mulleres racializadas.

Tamén se ven afectadas por unha dobre discriminación as mulleres pertencentes ao colectivo LGTBIQ+. Aínda que existe unha extensa normativa enfocada na consecución da igualdade, entre a que destaca a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a sociedade segue a amosar actitudes de fobia LGTBIQ+ que non deben ignorarse. Neste apartado búscase, precisamente, mellorar a situación deste colectivo, intentando constituír un municipio o máis inclusivo posible.

Ademais, cómpre ter en conta as discriminacións que afectan ás mulleres con diversidade funcional, desde as dificultades de integración laboral ata as dificultades de acceso a distintos espazos da cidade. Estas mulleres teñen que facer fronte a distintas clases de discriminacións que coartan a súa independencia e que se intentarán combater coas medidas específicas desta área.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

● Impulsar a cidade como un espazo amigable

39 — Simplificar as webs municipais coa finalidade de facer o seu uso máis intuitivo e mellorar a súa accesibilidade para toda a poboación.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Modernización da Administración Local

40 — Incrementar a instalación de baños públicos accesibles no termo municipal, e, especialmente, na contorna dos parques.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Urbanismo

41 — Impulsar a existencia de espazos de lactación e cambiadores nas dependencias municipais (Casa do Concello, centros socioculturais, bibliotecas etc.), así como de espazos pensados para nenas e nenos nas salas de espera.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Urbanismo

42 — Difundir os recursos dispoñibles en centros socioculturais e bibliotecas do Concello e facilitar o acceso a eles para os os distintos colectivos.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Centros Socioculturais, Participación Cidadá e Comunicación

43 — Mellorar a accesibilidade en xeral, do transporte comunitario e das vías públicas pensando nas persoas con mobilidade reducida, carriños de crianzas etc., e tendo especialmente en conta as zonas rurais do municipio. Ampliar a anchura das beirarrúas ou mellorar a iluminación onde sexa preciso contribuirá a obter un urbanismo pensando para o benestar de todas e todos.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: TUSA, Urbanismo e Participación Cidadá

44 — Levar a cabo un estudo con perspectiva de xénero para coñecer os pedimentos, queixas ou suxestións das usuarias/os do servizo de transporte urbano, tendo en conta que a maioría das persoas que empregan este servizo son mulleres.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: TUSA, Urbanismo, Participación Cidadá e Igualdade

45 — Establecer unha colaboración entre o Concello e TUSA para difundir campañas de sensibilización e ofrecer formación aos traballadores e traballadoras deste servizo.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: TUSA e Igualdade

46 — Habilitar vestiarios separados nas dependencias municipais onde sexa necesario.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Urbanismo e Deportes

47 — Diseñar un concurso de murais urbanos aberto á participación das diferentes asociacións e colectivos con perspectiva de xénero do Concello. Trátase de dar visibilidade a diversos colectivos: LGTBIQ+, migrantes, etnia xitana etc. Pódese levar a cabo no contexto da campaña Compostela Diversa.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Urbanismo, Participación Cidadá e tecido asociativo

INDICADORES



- Redeseño das webs municipais para mellorar a súa accesibilidade.
- Número de baños públicos instalados no termo municipal.
- Incorporación de espazos de lactación e cambiadores nas dependencias municipais.
- Creación dun espazo de uso exclusivo para a poboación adolescente do concello.
- Atender os pedimentos e suxestións das usuarias/os do transporte público e facer os cambios necesarios para mellorar o servizo.
- Habilitación de vestiarios separados nos distintos espazos públicos.
- Número de campañas difundidas a través da colaboración con TUSSA.
- Celebración dun concurso de murais urbanos e número de asociacións e colectivos participantes.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres maiores do rural

48 — Continuar deseñando, en colaboración coas asociacións do rural, obradoiros e talleres dirixidos ás mulleres deste ámbito e enfocados en mellorar a calidade de vida, o apoderamento, a saúde, a prevención da violencia de xénero etc. Buscar a maior implicación posible da rede de centros socioculturais do rural para lograr unha óptima eficacia desta medida.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Centros Socioculturais, Participación Cidadá e tecido asociativo

49 — Realizar talleres de sensibilización en igualdade dirixidos ás mulleres do rural tendo en conta as súas características (idade, nivel formativo, falta de anonimato...)

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Centros Socioculturais, Participación Cidadá e tecido asociativo

50 — Ofrecer nos distintos locais sociais do rural cursos centrados no manexo das novas tecnoloxías e das plataformas de xestión municipal para fomentar a independencia e o benestar das mulleres.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Centros Socioculturais, Participación Cidadá, Modernización da Administración Local e tecido asociativo

INDICADORES



- Continuidade dos obradoiros para as mulleres do rural e número de mulleres participantes neles.
- Realización dunha campaña contra a violencia de xénero especialmente deseñada para difundir no rural compostelán.
- Número de cursos ofrecidos para o manexo de novas tecnoloxías e número de participantes.

— OBXECTIVO
ESPECÍFICO

○ **Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres de etnia xitana**

51 — Organizar talleres centrados no manexo e control das novas tecnoloxías (SmartPhones, apps de saúde, internet etc.) dirixidos ás mulleres de etnia xitana que o precisen ou demanden.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Modernización da Administración Local, Centros Socioculturais e tecido asociativo

52 — Deseñar charlas, en colaboración co tecido asociativo, nas que se aborden cuestións demandadas por este colectivo, como, por exemplo, o autoemprego.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Educación e tecido asociativo

INDICADORES



- Número de cursos ofrecidos para o manexo de novas tecnoloxías.
- Número de charlas destinadas a mulleres de etnia xitana.
- Número de participantes destas actividades.

— OBXECTIVO
ESPECÍFICO

○ **Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres con diversidade funcional**

53 — Adaptar as prazas de aparcamento para persoas con diversidade funcional, para familias etc., á normativa vixente.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Urbanismo

54 — Mellorar e axilizar os trámites administrativos relacionados co bonotaxi.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Servizos Sociais, Políticas Sociais e Igualdade

INDICADORES



- Adaptar á normativa vixente as prazas de aparcamento destinadas ás persoas con diversidade funcional, ás familias etc.
- Mellorar os procesos administrativos relacionados co bonotaxi.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres migrantes e racializadas

55 — Visibilizar e difundir os diferentes servizos do CIM dirixidos a mulleres migrantes, como por exemplo o servizo de interpretación.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Comunicación e UAMI

56 — Contactar coas asociacións e colectivos para ofrecer talleres, charlas e obradoiros dirixidos e adaptados ás necesidades do colectivo de mulleres racializadas.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Participación Cidadá e UAMI

INDICADORES



- Número de accións levadas a cabo co obxectivo de mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres racializadas e número de participantes nelas.
- Medios de difusión utilizados para difundir os servizos do CIM.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Mellorar a calidade de vida e a inclusión das mulleres LGTBIQ+

57 — Realizar algunha campaña de sensibilización sobre a diversidade sexual e de xénero dirixida á poboación en xeral e, especificamente, con difusión entre os centros educativos e os centros socioculturais.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Educación, Centros Socioculturais e tecido asociativo

58 — Dar visibilidade e protagonismo a este colectivo dentro das actividades realizadas no contexto do 25N.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e tecido asociativo

59 — Colaborar coas asociacións correspondentes para impulsar a creación dun Consello LGTBIQ+.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Participación Cidadá e tecido asociativo

60 — Aumentar a formación do persoal do CIM, Servizos Sociais, Policía Municipal (VIOXEN) etc., para ofrecer unha atención adecuada a este colectivo: atención integral á violencia, orientación laboral e atención psicolóxica e xurídica.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Servizos Sociais, Seguridade Cidadá, Saúde e Educación

INDICADORES



- Creación dun consello LGTBIQ+.
- Realización de accións no contexto do 25N para dar visibilidade ao colectivo.
- Deseño dunha campaña de sensibilización sobre a diversidade, tendo en conta o número de asistentes segundo o xénero.
- Accións formativas dirixidas ao persoal do CIM, Servizos Sociais etc.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Promocionar hábitos de vida saudables e fomentar a práctica deportiva

61 — Deseñar e impartir talleres de educación afectivo sexuals integrais dirixidos á cidadanía en xeral.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade

62 — Levar a cabo talleres e charlas nas que se aborden cuestións de saúde que afecten maioritariamente ás mulleres, como por exemplo endometriose, fibromialxia, cancro de mama, menopausa, menstruación, osteoporose..., e a importancia do autocoidado.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Saúde e tecido asociativo

63 — Difundir e colaborar con outras entidades para realizar campañas informativas sobre saúde e xénero.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Saúde e tecido asociativo

64 — Impulsar programas de educación nutricional nas aulas, nos que se traballe a imaxe corporal positiva e a prevención de trastornos alimentarios.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Saúde, Mocidade, Educación e tecido asociativo

65 — Deseñar unha campaña dirixida especialmente aos centros educativos na que se fomenta a práctica deportiva entre as adolescentes e se visibilicen referentes femininas diversas en distintos deportes. Esta campaña pode difundirse no marco das actividades de conciliación e na festa de deporte anual.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Deportes, Mocidade, Educación e tecido asociativo

INDICADORES



- Número de talleres levados a cabo sobre educación afectivo sexual, tendo en conta o número de asistentes segundo xénero.
- Número de accións formativas e campañas levadas a cabo co obxectivo de visibilizar e informar sobre cuestións de saúde e xénero.
- Programas levados a cabo para impulsar a educación nutricional nas aulas.
- Número de accións levadas a cabo para fomentar a práctica deportiva entre as adolescentes.

ÁREA 5

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Artigo 4.2. do Estatuto de autonomía para Galicia

— OBXECTIVO XERAL

- **Introducir a transversalidade de xénero en todos os ámbitos e departamentos que conforman o Concello de Santiago**

A desigualdade por razón de xénero é un problema estrutural que afecta a toda a sociedade, polo tanto a única forma de eliminala é dun xeito coordinado e transversal. Como ben indica o segundo apartado do artigo 4 do Estatuto de Autonomía, corresponde aos poderes públicos de Galicia levar a cabo este exercicio de transversalidade para que a igualdade sexa real e efectiva.

Segundo sinalou o Consello de Europa en 1998, a transversalidade de xénero supón “A (re)organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos para incorporar, pola parte dos actores involucrados normalmente en ditos procesos, unha perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de todas as políticas”.

No ámbito nacional, a Lei 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes establece, no artigo 15, que “O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os poderes públicos. As administracións públicas integraranos, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades”.

É dicir, non é posible eliminar a desigualdade de xénero con medidas e accións puntuais, senón que debe levarse a cabo dende todos os poderes públicos, dunha forma coordinada e continuada que supoña un verdadeiro cambio estrutural.

Desde esta premisa deseñouse o plan, buscando a participación e a implicación de todas as áreas do Concello, pois esta é a única estratexia efectiva contra a desigualdade de xénero. Así, as medidas que se presentan a continuación teñen como obxectivo introducir a perspectiva de xénero no conxunto de políticas públicas e na xestión municipal.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Fomentar a perspectiva de xénero en toda a xestión municipal e potenciar a implicación do persoal político e técnico.

66 — Incrementar a oferta formativa en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero dirixida ao persoal técnico. Para fomentar a participación pódese valorar a incorporación de incentivos.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Réxime Interior

67 — Deseñar e organizar formación específica en perspectiva de xénero á que poida acceder o persoal político do Concello.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Réxime Interior

68 — Difundir entre o persoal municipal toda a oferta formativa e os recursos existentes, tanto no propio Concello como noutras Administracións Públicas e entes sociais (protección civil, empregadas/os dos servizos de transporte etc.), en materia de igualdade de xénero e prevención da violencia. Por exemplo, cursos, xornadas, guías de boas prácticas, guías de linguaxe inclusiva etc.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Réxime Interior e Comunicación

69 — Ampliar a formación do persoal do CIM en relación a colectivos específicos (etnia xitana, LGTB+...).

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Réxime Interior

70 — Actualizar a guía de linguaxe inclusiva existente incluíndo tanto cuestións de linguaxe como do uso de imaxes.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Lingua

71 — Compromiso oficial, dende o Concello, para empregar unha linguaxe inclusiva en todas as comunicación e informes públicos, así como en toda documentación que se emita dende as empresas concesionarias, pasando pola publicidade institucional e as intervencións públicas que contén co aval municipal.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Lingua e Réxime Interior

72 — Ter en conta criterios de xénero nos pregos de contratación das empresas e nos procesos de selección de persoal, así como na concesión de subvencións.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Contratación

73 — Retomar a área de estatística municipal para poder contar con datos desagregados por xénero que permitan elaborar proxectos, estudos, memorias, políticas etc., con perspectiva de xénero. Estes datos deben ser recollidos nas memorias, informes e demais que se emitan dende o Concello.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Alcaldía

74 — Crear unha comisión interdepartamental para o seguimento do PIOM co fin de reforzar a coordinación entre as distintas áreas do Concello para fomentar a transversalidade de xénero.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Todas as concellarías

75 — Realizar e poñer en marcha un plan de igualdade para o persoal do Concello de Santiago de Compostela.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Réxime Interior

76 — Aumentar os recursos do CIM para manter o labor realizado e para dotalo de persoal exclusivo e non compartido con outras áreas municipais.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Alcaldía

77 — Realizar un seguimento continuo e unha avaliación anual do V Plan de igualdade co fin de introducir as modificacións e os axustes necesarios para alcanzar os obxectivos fixados. Os resultados desta avaliación anual faranse públicos a través da web municipal.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Comunicación

78 — Contar coa opinión dos diferentes consellos existentes no municipio de cara a deseñar iniciativas e políticas públicas.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Todas as concellarías e Participación Cidadá

INDICADORES



- Porcentaxe de áreas involucradas na consecución das medidas.
- Número de persoas asistentes aos cursos en materia de xénero incluídos na oferta formativa ao persoal do Concello.
- Número de contratos e subvencións levados a cabo tendo en conta criterios de xénero.
- Grao de incorporación da linguaxe de xénero nos documentos xerados polo Concello.
- Número de reunións da comisión interdepartamental para o seguimento do PIOM é porcentaxe de áreas participantes da mesma.
- Incorporacións de persoal ao CIM.
- Posta en marcha dun plan de igualdade para o persoal do Concello.
- Reactivación da área de estatística do Concello e xeración de datos segregados por xénero.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

○ Promover os valores igualitarios entre toda a poboación do municipio

79 — Difundir o V PIOM entre a cidadanía, resaltando os obxectivos e as accións que se recollen. Esta difusión deberase realizar a través de diferentes vías:

- Presentación pública con apoio político e técnico.
- Anuncio nos diferentes medios de comunicación.
- Inserción do documento na web e nas redes sociais municipais.
- Reparto de exemplares e colocación nas diferentes dependencias municipais, especialmente no CIM, nos centros socioculturais, centros de saúde, bibliotecas, centros educativos...
- Implicando as asociacións e os colectivos feministas na difusión deste V PIOM.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Participación Cidadá, Comunicación, Centros Socioculturais e tecido asociativo

80 — Aproveitar os centros socioculturais e educativos, as bibliotecas, os centros de saúde e demais espazos públicos para colocar cartelería onde se informe dos diferentes recursos municipais e supramunicipais en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Comunicación e Centros Socioculturais

INDICADORES



- Número de actividades, accións ou campañas de difusión do PIOM levadas a cabo, así como os distintos medios empregados para darlle publicidade.
- Accións levadas a cabo co obxectivo de difundir entre todos os colectivos de mulleres os recursos existentes no municipio de Santiago en materia de igualdade e prevención da violencia.

ÁREA 6

SENSIBILIZACIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Cando trataron de calarme, gritei.

Teresa Wilms

— OBXECTIVO XERAL

- **Sensibilizar a poboación para previr a violencia de xénero e garantir os dereitos das mulleres e das súas crianzas en situación de maltrato**

No artigo 1.2 da Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 12/2016 do 22 de xullo e pola Lei 14/2021 do 20 de xullo) ofrécese a seguinte definición de violencia de xénero, que será á que fagamos referencia neste plan:

Para os efectos desta lei, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

A violencia de xénero é a representación máis grave da desigualdade de xénero. Como se pode extraer dos datos do partido xudicial de Santiago, na contorna municipal moitas mulleres sofren desta lacra, cuxa erradicación ten que ser, e é, un firme obxectivo dos poderes públicos do municipio.

Unha das primeiras problemáticas ás que se ten que facer fronte cando falamos de violencia de xénero é a violencia invisibilizada, a infradenuncia, feito que fai moi difícil estimar estatisticamente cantas mulleres sofren algún tipo de violencia de xénero.

É por isto que parte das seguintes medidas están deseñadas para informar, formar e sensibilizar sobre este fenómeno e os medios cos que conta o Concello para axudarlles ás vítimas.

Doutra banda, reforzaranse os servizos de atención ás vítimas de violencia de xénero, garantindo unha atención integral e específica para cada caso durante o tempo que sexa necesario.

Ademais, dedicarase unha liña de medidas orientadas á prevención. Concretamente, terase en conta a percepción de inseguridade das mulleres no planeamento urbanístico e deseñaranse talleres, cursos e accións diversas para concienciar e formar a cidadanía, e moi especialmente a mocidade. Tamén se promoverá a investigación e colaborarase co tecido asociativo co obxectivo de facer de Santiago unha cidade segura para todas as persoas.

— OBXECTIVO ESPECÍFICO

● Impulsar a información, a sensibilización e a prevención en torno á violencia de xénero

81 — Conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25N) a través de diversas accións de sensibilización e prevención: campañas de sensibilización como Compostela en Negro, cartalería, difusión en medios de comunicación locais, charlas en asociacións e centros educativos etc. Neste tipo de actos buscarase a participación de toda a cidadanía, e especialmente das asociacións, dos centros educativos, do comercio e da hostalería.

TEMPORALIDADE: Anual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Participación Cidadá, Comercio e tecido asociativo

82 — Difusión de información sobre as diversas violencias machistas, a través de todas as redes municipais e dos medios de comunicación locais. Deben abordarse os diferentes tipos de violencia, as causas, os estereotipos e os recursos e servizos de axuda a disposición das mulleres. Esta información debe estar dispoñible en diferentes idiomas e para os diferentes colectivos que forman parte do municipio.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Comunicación

83 — Publicitar e participar cando sexa posible nas diferentes iniciativas que se leven a cabo en materia de violencia de xénero dende outras institucións (Xunta de Galicia, deputacións, Ministerio de Igualdade, asociacións...).

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade e Relacións Institucionais

84 — Organizar cursos de autodefensa persoal dirixidos ás mulleres coa intención de mellorar a súa seguridade.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Deportes e Seguridade Cidadá

85 — Deseñar charlas ou actividades dirixidas especificamente aos homes e mozos para abordar a desigualdade, a violencia de xénero e os micromachismos. Estas charlas poden ser levadas a cabo en centros educativos ou en asociacións, por exemplo.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Educación, Participación Cidadá e tecido asociativo

INDICADORES



- Realización de actos anuais en relación á conmemoración do 25N, tendo en conta o número de persoas asistentes e o número de asociacións, centros educativos e comercios implicados.
- Programación e avaliación de cursos de autodefensa feminista.
- Accións de difusión sobre diferentes tipos de violencia machistas.
- Número de iniciativas postas en marcha contra a violencia de xénero en colaboración con outras institucións.
- Número de actividades dirixidas a sensibilizar os homes en materia de igualdade e número de homes participantes.

— OBXECTIVO
ESPECÍFICO

- **Reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero**

86 — Valorar a necesidade de crear recursos habitacionais dentro do termo municipal para as mulleres (e fillas/os) en situación de maltrato que así o precisen.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade

87 — Manter e ampliar o equipo Vioxen co fin de mellorar a protección ás vítimas de violencia de xénero.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Seguridade Cidadá e Igualdade

88 — Ofrecer unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas/filos en materia psicolóxica, social, formativa, laboral e xurídica. Esta atención será reforzada coas reunións periódicas da Mesa de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

TEMPORALIDADE: Continua

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Servizos Sociais e Emprego

INDICADORES



- Continuidade de Vioxen e número de axentes implicados/as.
- Creación de recursos habitacionais dentro do termo municipal.
- Número de reunións da Mesa de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

— OBXECTIVO
ESPECÍFICO

- **Construíndo unha cidade segura**

89 — Manter os puntos lila instalados nas diversas festas organizadas polo Concello co fin de garantir a seguridade e a información en materia de violencia de xénero.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Festas e Seguridade Cidadá

90 — Elaborar un estudo no que se recollan os puntos negros da cidade, tendo en conta a percepción das mulleres e os datos existentes, co fin de tomar as medidas precisas para mellorar a súa seguridade.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: Igualdade, Urbanismo e Seguridade Cidadá

91 — Revisión, e adaptación na medida do posible, dos criterios empregados actualmente para concesión e trámite da tarxeta bonificada de transporte.

TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: TUSSA e Mobilidade

92 — Instalación de paradas de autobús deseñadas para fomentar a seguridade cidadá, e especialmente das mulleres, naquelas zonas onde sexa preciso.


TEMPORALIDADE: Puntual

ÁREAS IMPLICADAS: TUSSA, Mobilidade, Urbanismo e Igualdade.

INDICADORES



- Número de puntos lila instalados.
 - Elaboración dun estudo de puntos negros da cidade e número de accións levadas a cabo para mellorar a seguridade das mulleres nestas zonas.
 - Modificación dos criterios para acceder á tarxeta bonificada de transporte.
 - Número de paradas de autobús instaladas para fomentar a seguridade das mulleres.
-



DIFUSIÓN,
SEGUIMIENTO
E AVALIACIÓN

Unha vez aprobado en Pleno o V Plan de igualdade entre mulleres e homes para a o concello de de Santiago, o Concello, e moi especialmente o CIM e a Concellería de Igualdade, deberá publicar e dar difusión a través de todos os medios posibles este documento. A difusión é un exercicio de vital importancia para dar a coñecer as medidas que se levarán a cabo nos próximos anos, os recursos existentes etc., e, en definitiva, para conseguir a implicación da cidadanía en xeral e dos distintos colectivos nas iniciativas e accións previstas, o que será decisivo para lograr un impacto social real e un grao alto de execución do documento.

Serán varios os órganos responsables de que a avaliación do plan se leve a cabo dun xeito apropiado e de forma paralela á súa execución, o que permitirá realizar axustes e modificacións no caso de seren necesarios. Así, cómpre levar a cabo as seguintes tarefas:

- Dunha banda, tanto o CIM como todas as áreas responsables da execución das medidas do plan deberán cubrir as chamadas “fichas de actividades” que se presentan a continuación e onde se recollerá información sobre o número de persoas participantes desagregado por xénero, o espazo ou espazos no que se levaron a cabo, as entidades implicadas e as dificultades que se presentaron.
- Ademais, ten que constituírse, tal e como establecen as medidas do plan, unha comisión interdepartamental para o seguimento onde se velará pola súa realización e polo traballo conxunto entre as distintas concellarías e servizos municipais. Estará formada por persoas representantes das diferentes áreas do Concello e demais entidades implicadas na execución do PIOM.
- Por último, realizarase unha avaliación final, unha vez rematado o seu período de vixencia e contando coas fichas técnicas de cada actividade realizada. Esta avaliación englobará a totalidade do plan, recollendo todas as actividades levadas a cabo para a consecución das medidas entre os anos 2022 e 2025. Este exercicio permitirá coñecer o grao de desenvolvemento do V PIOM e o seu alcance e impacto; ademais, será un dos piares para elaborar o VI Plan de igualdade que continuará co labor de fomentar a igualdade de xénero entre a poboación municipal.

FICHA DE AVALIACIÓN

Actuación realizada:

Área/s do PIOM na que se integra:

Descrición da actuación:

Data de realización:

Horario:

Duración:

Colectivo principal ao que se dirixe:

Total persoas participantes:

Mulleres:

Homes:

Nenas:


Nenos:

Departamentos e/ou organismos municipais implicados:

Orzamento destinado:

Difusión realizada (medios empregados, localizacións, número de impresións etc.):

Observacións e incidencias/ Propostas de mellora:



ANÁLISE DIAGNÓSTICA


Para traballar a prol da igualdade entre mulleres e homes cómpre partir da análise polo miúdo da realidade social do territorio, de tal xeito que se poida coñecer, neste caso Santiago de Compostela, polo seus datos, mais tamén que estes datos acheguen aqueles problemas sociais que adoitan pasar desapercibidos no cotián. Con este obxectivo, presentamos a continuación unha análise estatística a partir das fontes oficiais (datos do INE, do IGE do propio Concello etc.), que permitirá garantir o artellamento das actuacións coa realidade social de Santiago de Compostela.

DEMOGRAFÍA

Recóllese neste apartado unha análise sobre a situación demográfica do concello de Santiago de Compostela. Nesta análise dáse conta da estrutura poboacional do municipio, atendendo aos seus movementos migratorios e indicadores demográficos vinculados á idade e á natalidade.

CIFRAS TOTAIS DE POBOACIÓN

A poboación de Santiago de Compostela está a vivir un lixeiro pero constante aumento na última década, incrementando o seu número de habitantes en 2.641 persoas, o que supón un aumento do 2,8% dende 2011.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

Aínda que este aumento poida parecer pouco significativo, dá conta da súa importancia o feito de que non se produciu do mesmo xeito en Galicia ou na provincia da Coruña, lugares nos que o saldo poboacional foi negativo no mesmo período de tempo. De feito, a provincia da Coruña chegou a perder máis de 25.000 habitantes (2,2%). Esta progresión supón un certo dinamismo demográfico no municipio de Santiago de Compostela.


PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES (datos a 1 de xaneiro de cada ano)

ANOS	2011	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	2.795.422	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819
A Coruña	1.147.124	1.122.799	1.120.294	1.119.351	1.119.596	1.121.815
Santiago de Compostela	95.207	95.966	96.456	96.405	97.260	97.848


Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

No que respecta ao xénero, máis da metade da poboación municipal son mulleres (algo máis do 53%), manténdose a proporción de maneira estable durante os últimos dez anos. As variacións existentes ao longo deste período son mínimas e destaca unicamente o lixeiro retroceso no número de mulleres entre os anos 2017 e 2018, recuperado xa no seguinte ano.

Poboación no Concello de Santiago de Compostela segundo o xénero 2020 (%)




Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE. 2020.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

POBOACIÓN ESTRANXEIRA

Unha parte importante deste aumento poboacional vén explicado polo crecemento da poboación estranxeira residente en Santiago. Especificamente, un 36,8% destes novos habitantes ten nacionalidade estranxeira. Ademais, o seu peso proporcional incrementouse significativamente nos últimos 5 anos, pasando do 3,9% en 2011 ao 5,2% en 2020. Este dato é relevante xa que as mulleres migrantes adoitan ter unha dobre situación de vulnerabilidade, tanto pola súa condición de estranxeiras como polo seu xénero.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.


Na seguinte táboa pódense observar os saldos migratorios do Concello de Santiago (a diferenza entre a poboación que chega ao municipio e a que sae del). Ponse de manifesto o peso do saldo exterior (persoas que chegan desde fóra de España), sobre todo no ano 2020, o primeiro no que foron máis as persoas que saíron do concello que as que entraron desde outras provincias do territorio estatal.

	SALDO MIGRATORIO (%)		
	Total	Interior	Exterior
2011	6,66	3,63	3,03
2016	5,43	3,2	2,23
2017	6,16	1,32	4,84
2018	11,1	2,75	8,36
2019	9,81	1,06	8,75
2020	5,09	-2,2	7,29

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Indicadores migratorios.


Un estudo máis exhaustivo permite coñecer os saldos migratorios das mulleres de Santiago, datos que se presentan no seguinte gráfico. Aínda que a evolución é semellante que no total da poboación, salienta o feito de que xa no ano 2017 o saldo interior das mulleres foi mínimo. Este dato explica o estancamento do aumento da poboación feminina no ano 2017 que se viu anteriormente. Nos últimos 3 anos, pois, a chegada de mulleres migrantes está sendo superior á dos anos precedentes, cuestión que cómpre ter en conta na definición de medidas e obxectivos.

Saldo migratorio por 1000 habitantes das mulleres de Santiago de Compostela, 2016- 2020 (%)




Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Indicadores migratorios.

En calquera caso, no conxunto da poboación estranxeira, a distribución segundo xénero é moi semellante á da poboación total, aínda que este colectivo está lixeiramente máis feminizado: no ano 2020, as mulleres estranxeiras representaban un 54,97% do total desta poboación, mentres que no caso do total poboacional encontrábanse no 53,4% .



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

En canto á nación de procedencia, no caso das mulleres, a maior parte procede de países do sur de América: Venezuela é a principal nacionalidade entre as mulleres estranxeiras de Santiago de Compostela, seguida por Portugal, Brasil e China.




Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

Cómpre prestar especial atención a este colectivo de mulleres, pois a feminización da inmigración é un fenómeno que vai parello ao aumento da demanda de man de obra para o traballo de coidados (e á escaseza en sectores máis industrializados). Este sector conta cunha alta porcentaxe de traballo precario e economía somerxida, o que pode dificultar a súa integración na poboación de destino.

GRUPOS DE IDADE


Unha das principais consecuencias da inmigración é o rexuvenecemento da pirámide de poboación do municipio, debido a que a maior parte deste colectivo ten entre 25 e 44 anos (concretamente o 48,5% da poboación estranxeira atópase dentro destes grupos de idade).



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.


Máis especificamente, no caso das mulleres, nos seguintes gráficos pódese observar como a media de idade do total da poboación feminina de Santiago está a sufrir un aumento continuo dende o ano 2011, situándose no ano 2020 case nos 47 anos. Mentres tanto, a idade media das mulleres de orixe estranxeira está máis estabilizada nos últimos anos e sitúase nos 32 anos.

Media de idade das mulleres de Santiago de Compostela, 2011-2020



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.


Idade de media das mulleres de nacionalidade estranxeira, 2011-2020



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

Porén, a pirámide do concello de Santiago está envellecida dun xeito considerable, cun agudo estreitamento na poboación por debaixo dos corenta anos. De continuar esta tendencia, nos próximos anos o avellentamento do concello será notable e difícil de reverter. Aínda así, é importante ter en conta que o carácter de cidade universitaria vai significar que un importante volume de poboación moza resida en Santiago dun xeito continuo, aínda que non se poida reflectir nestes datos por non constar como empadroada formalmente no municipio.


É preciso sinalar, ademais, que o envellecemento poboacional é maior entre as mulleres posto que teñen unha maior esperanza de vida. Este feito compróbase na pirámide de poboación, e especificamente no dato de persoas de 70 anos ou máis: o 18,5% das mulleres teñen esa idade, mentres que só o 13,8% dos homes se sitúan nesa franxa. Isto implica, pois, que naqueles aspectos e demandas relacionadas coa terceira idade e a dependencia serán as mulleres as que teñan unha maior afectación.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.

A evolución do índice de avellentamento non fai máis que corroborar o que xa amosa a pirámide de poboación. A tendencia de avellentamento da poboación é un proceso que se vén producindo desde hai anos e que non parece camiñar cara á estabilización. De feito, o seu aumento entre os anos 2019 e 2020 é o máis agudo que se rexistra nos últimos tempos.


Índice de envellecemento en Santiago de Compostela, 2011-2020



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Movemento natural da poboación.

Este avellentamento afecta directamente o índice de dependencia, que mide a proporción de poboación que depende economicamente da poboación en idade activa. É dicir, representa o peso que ten que soportar a poboación potencialmente activa do municipio. No caso de Santiago, o maior índice de dependencia é o senil, como pode predicirse analizando a pirámide de poboación. Ademais, é maior o índice de dependencia senil de mulleres que o de homes, algo que se pode observar na pirámide de poboación de mulleres do municipio, pois esta atópase lixeiramente máis envellecida que a de homes. Polo mesmo motivo, se atendemos ao índice de dependencia xuvenil, que fai referencia á relación entre a poboación menor de 15 anos e a poboación en idade produtiva, é maior no caso dos homes.

Índices de dependencia segundo xénero en Santiago de Compostela, 2020



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Indicadores poboacionais.

INDICADORES POBOACIONAIS

En relación aos principais indicadores demográficos, cómpre prestar especial atención á taxa bruta de natalidade (número de nacementos por cada 1000 habitantes), que vén en decadencia dende o ano 2016. Concretamente, a taxa reduciuse no ano 2019 nun 2,7% con respecto ao 2016. Isto implica que se pasou de 9 nacementos por cada 1.000 habitantes a pouco menos de 7. Tendo en conta que a taxa bruta de mortalidade se mantivo estable (en torno a 9 defuncións por cada 1000 habitantes), compróbase que o incremento poboacional é consecuencia exclusiva dos movementos migratorios, posto que actualmente morren máis persoas en Santiago que as que nacen. Esta situación non é característica exclusiva de Santiago, senón que se pode observar, en maior o menor medida, en practicamente todo o territorio nacional e vén explicado por diversos factores sociais e económicos que retrasan a idade media á maternidade e reducen o número de fillos e fillas por muller. Isto, tal e como dicimos, unido ao descenso da taxa bruta de mortalidade, ten como resultado a inversión da pirámide de poboación.


INDICADORES DEMOGRÁFICOS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

	2011	2016	2017	2018	2019
Taxa bruta de natalidade	8,9	9,4	8,3	7,6	6,7
Número medio de fillos e fillas por muller	1,1	1,3	1,1	1,1	1,0
Idade media da maternidade	33,8	33,7	34,3	34,2	34,0
Taxa bruta de mortalidade	9,0	9,4	9,6	9,5	8,8

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Indicadores poboacionais.


De feito, se atendemos ao crecemento vexetativo do Concello de Santiago, que fai referencia á diferenza entre o número de nacementos e o número de falecementos, vemos que xa era negativo no ano 2011 e que continúa nun precipitado descenso nos últimos anos.

Crecedemento vexetativo de Santiago de Compostela, 2016 - 2020




Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Movemento natural da poboación.

Como xa se mencionou, un dos factores que afectan á taxa de natalidade é a idade na que se ten descendencia. Actualmente, o maior número de nacementos se produce cando as nais teñen entre 35 e 39 anos, mentres que no ano 2011 estaban, principalmente, entre 30 e 34 anos.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Movemento natural da poboación.

Este incremento débese a diversos factores sociais, culturais, económicos, etc. Polo tanto, non é posible expoñer unha única explicación para o fenómeno. Aínda así, a incorporación da muller ao mundo laboral remunerado ten un peso importante na taxa de natalidade, polo que é de vital importancia ofrecer unhas políticas de conciliación axeitada que teñan en conta que no municipio de Santiago máis do 85% das nais, dende o ano 2016, se encontran activas laboralmente.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Movemento natural da poboación.

Cabe sinalar que a evolución positiva da inmigración pode ser un posible amortecedor deste proceso nos próximos anos, xa que a súa taxa de natalidade é considerablemente máis alta que a da poboación nacional.

ENSINO

Neste apartado recóllense os datos referidos á área de educación. O principal problema a este respecto é que a fonte dispoñible máis actualizada referente ao nivel de estudos rematados é o Censo de poboación e vivendas levado a cabo polo INE no ano 2011.

Polo tanto, os datos presentados a continuación, en canto a nivel formativo, deben lerse tendo sempre en conta a súa desactualización. Prestarase máis atención a outros valores para os que si existen fontes actualizadas, como o número de alumnado matriculado.

NIVEL FORMATIVO

Os datos que se amosan a seguir dan conta do nivel formativo da poboación de Santiago de Compostela hai dez anos. Tanto no caso dos homes como no das mulleres, a porcentaxe máis elevada atópase entre quen conta con “certificado de escolaridade ou de estudos primarios”, se ben hai unha maior proporción de varóns con este nivel de estudos.

En cambio, a porcentaxe de mulleres que contan con estudos universitarios de calquera tipo (graos, diplomaturas ou licenciaturas, mestrados, etc.) é sensiblemente superior á masculina (30,9% e 25,9%, respectivamente). No outro extremo, tamén é proporcionalmente maior a poboación feminina sen estudos primarios rematados (18,3% fronte ao 13,2%). É dicir, as mulleres adoitan abandonar os estudos nun momento inicial en moita maior proporción que os homes, pero, unha vez continúan, acadan niveis de instrución moito máis elevados.

POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS EN VIVENDAS FAMILIARES SEGUNDO O XÉNERO E O NIVEL DE ESTUDOS. 2011


	Número			Porcentaxe		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Total	94615	50440	44175	100	100	100
Poboación analfabeta	740	425	315	0,8	0,8	0,7
Sen estudos	5970	3955	2010	6,3	7,8	4,6
Foi á escola, non rematou a ESO, EGB ou BAC	9110	5290	3820	9,6	10,5	8,6
Certificado de Escolaridade ou de Estudos Primarios	19010	9070	9940	20,1	18,0	22,5
Bacharelato, BUP, COU ou PREU	11315	5825	5490	12,0	11,5	12,4
FP grado medio ou FP I	3525	1745	1785	3,7	3,5	4
FP grado superior ou FP II	5775	2545	3225	6,1	5,0	7,3
Diplomatura universitaria, aquit. téc., enxeñería téc.	7660	5040	2620	8,1	10,0	5,9
Grado universitario ou equivalente	1620	850	775	1,7	1,7	1,8
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñ. ou equivalente	13660	7585	6075	14,4	15,0	13,8
Máster oficial univ. ou especialidades médicas	2220	1280	940	2,3	2,5	2,1
Doutoramento	1860	860	995	2,0	1,7	2,3
Non é aplicable	12155	5970	6185	12,8	11,8	14

Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE. Censo de poboación e vivendas 2011.

ENSINANZA NON UNIVERSITARIA

A maior parte dos centros de ensinanza non universitaria no concello de Santiago son de titularidade pública. Porén, o volume de centros privados representa o 44,8% do total, feito que pon de relevo a importancia de contar con estes centros educativos á hora de ofrecer actividades ou recursos a prol da igualdade de xénero.


Ensinanza non universitaria. Centros de réxime xeral en funcionamento segundo titularidade en Santiago de Compostela, 2021 (%)



Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En canto ao profesorado dos centros públicos de ensinanza non universitaria, a porcentaxe mantense constante durante todo o período analizado, rexistrando só lixeiras fluctuacións dun máximo de dous puntos que aparetemente non seguen ningunha tendencia. As mulleres representan sempre a maioría deste profesorado, o que pode verse explicado por un maior número de mulleres con este tipo de estudos e pola tradicional asunción de tarefas de coidado e ensinanza por partes das mulleres.


Ensinanza non universitaria. Profesorado en centros de titularidade pública segundo o sexo en Santiago de Compostela, 2016 - 2021 (%)



Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En canto ao alumnado matriculado nos centros de ensinanza obrigatoria (infantil, primaria e secundaria obrigatoria), como é de esperar, non se aprecian diferenzas significativas en canto ao xénero.

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos segundo o xénero en Infantil, Primaria e ESO en Santiago de Compostela, 2021 (%)




Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

ENSINANZA UNIVERSITARIA

Os datos que se presentan a continuación fan referencia ao conxunto da comunidade de Galicia, polo que a extrapolación dos datos á realidade do concello tense que facer con cautela. Aínda así, cómpre poñer en comparación o seguinte dato co amosado no apartado anterior para a educación non universitaria xa que, se ben no caso dos centros de ensinanza non universitaria do municipio viamos que o profesorado era, predominantemente, de xénero feminino, neste caso, o profesorado universitario en Galicia está maioritariamente composto por homes, sobre todo en postos de poder, como por exemplo o profesorado catedrático.

Este feito demostra as maiores dificultades ás que ten que facer fronte o colectivo feminino para acceder a postos de poder, o famoso teito de cristal do que non está exento o persoal docente.


Ensinanza universitaria. Profesoras e profesores de ensinanza universitaria por categoría e xénero, en Galicia no ano 2020



Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En cambio, se atendemos aos datos sobre o estudiantado matriculado nas universidades galegas, o 55,5% das estudantes son mulleres, tal e como se pode concluír do nivel de instrución xeral da poboación municipal, onde as mulleres presentaban unha maior proporción de estudos universitarios que os homes.


Estudiantes matriculados/as nas universidades galegas segundo xénero, 2020 (%)



Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Este é un feito que se repite desde o ano 2011 practicamente sen variacións. Na comunidade galega existe, polo tanto, unha maior tendencia a que as mulleres continúen cos seus estudos unha vez rematada a etapa de educación obrigatoria.

Estudantes matriculados/as nas universidades galegas segundo xénero, 2020 (%)




Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Malia isto, non ocorre de xeito uniforme en todas as disciplinas, xa que aínda existen marcadas diferenzas segundo o xénero entre as carreiras que elixen as mulleres e as que elixen os homes. No seguinte gráfico pódese observar como a rama de enxeñaría e arquitectura segue a estar moi masculinizada, mentres que ciencias da saúde ou artes e humanidades conta cunha maior porcentaxe de alumnas mulleres.

Esta realidade fai necesario deseñar actividades, accións, talleres etc., nos centros educativos sobre a importancia de non decidir o futuro académico baseándose en esteriotipos de xénero.

Estudantes matriculados/as nas universidades galegas segundo a área científica e sexo, 2020 (%)




Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

FOGARES

CARACTERIZACIÓN DOS FOGARES¹

Un dos factores máis importantes para a caracterización dos fogares é o seu tamaño. O seguinte gráfico representa o tamaño dos fogares en municipios galegos de 50 001 a 100 000 habitantes (entre os que se encontra Santiago de Compostela) no ano 2020. Os resultados van acorde aos datos que xa se presentaron anteriormente: trátase de fogares de pequeno tamaño, case un 84% dos cales teñen tres ou menos membros e cuxa tipoloxía maioritaria é a formada por dúas persoas (31,74%).




Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa continua de fogares (ECH).

Estes pequenos fogares, de 2 ou 3 persoas, non están só conformados por parellas. Dentro deles englobáanse gran parte dos fogares monomarentais ou monoparentais, na súa maioría (77,29%) compostos por unha muller, e polo menos, unha persoa menor ao seu cargo.

¹ Os datos que se presentan neste apartado fan referencia ao estado dos fogares en Galicia debido a falta de datos actualizados referentes ao concello de Santiago.

Fogares monomarentais ou monoparentais segundo xénero do/a proxenitor/a en Galicia, 2020. (%)




Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa continua de fogares (ECH).

Esta porcentaxe é lixeiramente inferior á que se observa no conxunto do Estado (80%). Aínda así, segue a ser una cifra preocupante, xa que esta tipoloxía de fogares duplica en risco de pobreza aos encabezados por homes (52% fronte ao 25%)². A precariedade dos postos de traballo aos que acceden, na súa maioría, estas mulleres, sumada ao risco de exclusión social, á falta dunha boa conciliación e a outros factores, fan necesario colocar estas familias no foco das medidas pola igualdade.


Aínda que non sexa posible coñecer o número exacto nin as características dos fogares monomarentais do municipio de Santiago de Compostela, a continuación preséntase, polo oportuno dos datos, o estado civil maioritario das proxenitoras destes núcleos e a súa idade na Comunidade Autónoma de Galicia. Son maioritariamente viúvas o grupo de 65 anos ou máis, seguidas de mulleres divorciadas de entre 45 a 54 anos.

Número de fogares monomarentais/monoparentais segundo xénero e estado civil da persoa proxenitora, en Galicia, 2020 (Miles de fogares)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa continua de fogares (ECH).

² Dato extraído do informe "Madre non hai máis que unha: monoparentalidade, xénero e pobreza infantil" do Alto Comisionado Contra a Pobreza Infantil, 2021.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE. Enquisa continua de fogares (ECH).


CONCILIACIÓN

Ademais de caracterizar os fogares, é necesario saber como se emprega o tempo no fogar e como se realiza a conciliación familiar e laboral. Ao igual que ocorría no anterior apartado, só se conta con datos para o conxunto da poboación galega (coa dificultade engadida de que, neste caso, son datos do ano 2017). Aínda así, preséntanse os seguintes gráficos posto que poden ser de moito valor e reflicten de xeito aproximado o que pode estar a acontecer no municipio.

O primeiro que chama a atención é que en todas as actividades que se presentan no seguinte gráfico as nais están máis involucradas que os pais. É dicir, no ano 2017, as nais dedicaban máis tempo a realizar actividades coas súas crianzas fóra da xornada educativa. Falar coas nenas e nenos, xantar ou cear xuntas/os, entretelas/os e xogar foron algunhas das actividades máis mencionadas.

3 Os datos que se presentan neste apartado fan referencia ao estado dos fogares en Galicia ou na provincia da Coruña, debido á falta de datos actualizados referentes ao concello de Santiago.


Actividades que realizan as persoas proxenitoras cas súas crianzas de 0 a 12 anos de luns a venres, tras a fin da xornada educativa segundo xénero, en Galicia, 2017 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa continua de fogares (ECH).


O feito de que as nais dediquen máis tempo no día ao coidado das crianzas é incuestionable e recóllese nos anteriores datos. Esta tarefa dificulta a conciliación laboral-familiar das mulleres que teñen fillas/os, como se pode observar no seguinte gráfico: no mesmo ano, na provincia da Coruña un 46,7% dos fogares con crianzas de 0 a 12 anos declararon necesitar axuda para coidalas cando non acoden a un centro escolar.

Núcleos familiares con crianzas de 0 a 12 anos que precisan axuda para coidalas cando non acoden a un centro escolar na Coruña, 2017




Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa estrutural a fogares.

No caso de non contar con esa axuda, son as mulleres as que optan, en maior medida, pola redución ou a flexibilización da xornada, feito que as deixa en serio risco de entrar nunha situación de dependencia económica.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa continua de fogares (ECH).


A mesma inclinación existe cando se trata de coidados a persoas con dependencia: case o 63% das coidadoras de persoas dependentes son mulleres, porcentaxe que se incrementa entre as persoas de 45 a 65 anos e diminúe entre os menores de 45. Este último dato permite manter unha opinión positiva sobre a evolución deste traballo de coidados, xa que pode indicar que a tendencia é que existe unha progresiva igualdade na repartición destas tarefas.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa estrutural a fogares.

Aínda así, hoxe por hoxe as mulleres teñen que renunciar en maior medida a diferentes actividades para dedicarse ao traballo de coidados. Un 74,3% das mulleres coidadoras (fronte o 69,4% dos homes) tiveron que suprimir, durante o ano 2017 na Comunidade de Galicia, actividades de ocio ou relacións sociais por coidar persoas con dependencia.

Actividades ou relacións que os cuidadores e cuidadoras de persoas con dependencia tiveron que suprimir ou reducir, índice segundo xénero en Galicia, 2017




Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa estrutural a fogares.

RECURSOS TECNOLÓXICOS NO FOGAR

Por último, nesta área, prestaremos atención aos recursos tecnolóxicos dispoñibles no fogar. Aínda que os datos non se amosan desagregados por xénero, é importante ter en conta que na área de Santiago un 24,2% dos fogares non conta cun ordenador, e case un 12% non ten acceso a internet.

Esta brecha dixital, que previsiblemente afecta en maior parte a mulleres (son maioritarias no rural e a poboación máis envellecida está feminizada), é un feito que o Concello ten que ter en conta á hora de, por exemplo, difundir as súas actividades, comunicarse coa poboación, facer accesible o Concello etc.

Incidencia de fogares que dispoñen de ordenador e conexión a internet na área de Santiago, 2020 (%)




Fonte: Elaboración propia a través de datos do INE Enquisa estrutural a fogares.

EMPREGO

Nesta área preséntase un estudo do mercado laboral no concello de Santiago de Compostela, no que se analizarán, segundo o xénero e outras variables como a idade e o nivel de estudos, datos das afiliacións por sector económico, caracterización de contratos iniciais, paro rexistrado, salarios etc.

AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

En canto as afiliacións á Seguridade Social cómpre sinalar algunhas cuestións: en primeiro lugar, obsérvase que o grupo de idade que conta cun nivel máis alto de afiliación é o de 40-44 anos. De feito, rexístranse máis afiliacións entre as mulleres maiores de 40 anos que entre as menores de 40. A distribución é moi similar no caso dos homes, aínda que existe una lixeira tendencia a que os afiliados varóns sexan máis novos. A inestabilidade laboral ata unha idade avanzada que amosa estes datos é, moi posiblemente, unha das razóns do aumento da idade media da primeira filla/o e do descenso, en xeral, da natalidade.




Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada.

No que respecta ao réxime de afiliación é necesario mencionar dúas diferenzas respecto das afiliacións en alta laboral segundo o xénero. Por unha banda, o número de afiliadas no réxime especial de empregadas/os do fogar é considerablemente máis alto que o de afiliados, polo que se trata dun sector cunha alta feminización. Non ocorre o mesmo co réxime especial de autónomos, no que o número de varóns supera nun 7% o de mulleres.

Isto pon de manifesto a necesidade de deseñar medidas e axudas que promocionen e fomenten o emprendemento feminino, ademais de prestar atención a sectores altamente feminizados, como é o caso do réxime especial de persoas empregadas do fogar.


Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo xénero e réxime de afiliación. Setembro 2021 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada.

Algo parecido ocorre ao analizar as afiliacións por sector de actividade. Se ben tanto en homes como en mulleres se rexistran máis afiliacións no sector de servizos, no caso das mulleres esta predisposición está moito máis agudizada, chegando a representar case o 95% das afiliacións. Este sector presenta unha elevada temporalidade e un maior índice de precariedade, o que supón un risco para a calidade laboral das mulleres.


Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo xénero e sector de actividade en Santiago de Compostela, setembro 2021 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada.


CONTRATOS

O seguinte gráfico recolle a evolución dos contratos iniciais da poboación de Santiago, segundo o xénero, desde o ano 2013 ao 2020. Aínda que a distribución está bastante equilibrada, desde o ano 2017 existe unha lixeira tendencia a que sexan os homes os que rexistren un maior número de contratos.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Concellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

En canto á tipoloxía dos contratos, sobresaí o feito de que no ano 2020 as mulleres asinaron un maior número de contratos indefinidos (51,5%). Esta porcentaxe mantén un equilibrio estable entre mulleres e homes en todo o período analizado.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Concellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

PARO REXISTRADO


A evolución do paro rexistrado en Santiago de Compostela nos últimos anos reflicte claramente o gran impacto que tivo a crise xerada pola Covid-19, xa que a tendencia do paro ata o ano 2020 era claramente descendente, porén durante o pasado ano experimentou un ascenso considerable.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

Cabe recordar que esta crise afectou dun xeito moito máis profundo o sector servizos, como se pode observar a continuación, sector no que, como xa se indicou, rexístrase un maior volume de afiliación anual feminina.


Paro rexistrado segundo sector de actividade en Santiago de Compostela, 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

Durante todo o período temporal analizado obsérvase un lixeiro, pero constante, aumento porcentual do paro feminino. Durante o ano 2020 falamos de un 55,2% do porcentaxe total de paro rexistrado, o que evidencia a desigualdade feminina no ámbito laboral.


Paro rexistrado segundo xénero en Santiago 2011 - 2022 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

As mulleres presentan unha maior taxa de paro entre os 35 e os 44 anos, mentres que o pico de paro entre os homes establécese entre os 55 e os 59 anos. Esta diferenza pode ter gran parte da súa explicación na idade á maternidade, posto que as nais non só deixan o mercado laboral momentaneamente ao ter descendencia senón que tamén teñen moitas máis dificultades para volver incorporarse a el.


Paro rexistrado segundo xénero e grupos quinquenais de idade, 2020.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

En calquera caso, esta taxa de paro non se debe a un menor nivel de formación: as mulleres con estudos postsecundarios son as que presentan a maior porcentaxe de paro (39%) ao contrario que os homes, cuxo nivel de paro máis alto atópase entre os que teñen estudos secundarios (47,3%).

Paro rexistrado segundo xénero e nivel de estudos rematados e xénero en Santiago de Compostela (2020) (%)




Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

SALARIO

A continuación preséntanse os datos referentes á media dos salarios por hora segundo o xénero, no ámbito autonómico e no concello de Santiago en 2019. Aínda que é positivo o feito de que a media dos salarios en Santiago sexa superior que a media da comunidade galega, en ambos os casos apréciase unha clara fenda de xénero. As mulleres teñen un salario, de media, sensiblemente máis baixo por hora que o dos homes. Tendo en conta a xornada laboral máis habitual en España (36 horas traballadas á semana), a diferenza de salario entre mulleres e homes sería de case 43 € semanais (uns 172 € ao mes).


Media dos salarios por hora segundo o sexo en Galicia e o Concello de Santiago, 2019 (euros por hora)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Enquisa anual de estrutura salarial.

Por outra banda, ao atender ao importe medio das pensións segundo o xénero vese que as pensións das mulleres teñen un importe considerablemente inferior ao dos homes (debido, en moitos casos, ao abandono do mercado laboral e, polo tanto, a que moitas das pensións das mulleres son de viuvez ou non contributivas), o mesmo que ocorre coa media dos salarios por hora traballada. Estas circunstancias poñen nun severo risco de dependencia económica ás mulleres do municipio e subliñan a necesidade de implementar medidas que cambien estas tendencias.

Importe medio das pensiones segundo o xénero, 2011 - 2019. Santiago de Compostela



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Elaboración propia a partir dos ficheiros da Seguridade Social.

BENESTAR SOCIAL

O benestar social está conformado por unha serie de factores que no seu conxunto fan que unha persoa poida gozar dunha boa calidade de vida. O Concello ten o labor e a responsabilidade de intentar mellorar este benestar social da poboación municipal, habitualmente a través do fomento da participación cidadá, pero tamén con medidas dirixidas aos colectivos máis vulnerables. A seguir analizaranse estas variables no municipio de Santiago de Compostela, así como a calidade de vida percibida, segundo o xénero, na comunidade de Galicia, xa que non hai datos municipais desagregados.


PARTICIPACIÓN

No termo municipal de Santiago de Compostela existen un total de dez centros socioculturais e 37 locais sociais (o que supón que é un dos concellos do territorio nacional con máis locais destinados a actividades socioculturais). Estes espazos constitúen unha ferramenta de gran valor para facer chegar a todo o territorio de Santiago as campañas, talleres, actividades etc., que se desenvolvan a prol da igualdade.

CENTROS SOCIOCULTURAIS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	REXISTRO
Centro Sociocultural Aurelio Aguirre Conxo	Propiedade
Centro Sociocultural do Castiñeiríño	Propiedade
Centro Sociocultural das Fontiñas	Propiedade
Centro Sociocultural da Trisca	Propiedade
Centro Sociocultural de Santa Marta	Propiedade
Centro Sociocultural do Ensanche	Cesión de uso
Centro Sociocultural do Romaño	Propiedade
Centro Sociocultural de Sar	Propiedade
Centro Sociocultural José Saramago (Vite)	Propiedade
Centro Sociocultural da Pontepedriña	Propiedade
Edificio da Praza do Matadoiro	Propiedade
Local Social da Gracia	Cesión de uso
Local Social Antigo CEIP Ramon Cabanillas	Propiedade
Local Social da Barciela	Aluguer
Local Social de Busto	Propiedade
Local Social de Busto I	Propiedade
Local Social Cardeal Quiroga	Propiedade
Local Social Casco Histórico	Aluguer
Local Social de Cesar (antiga escola de Casas de Arriba)	Propiedade
Local Social da Rocha	Cesión de uso
Local Social das Cancelas	Aluguer
Local Social da Almaciga	Propiedade
Local Social de Aríns	Propiedade
Local Social de Bando	Propiedade
Local Social da Caramoniña	Propiedade
Local Social de Cesar	Propiedade
Local Social do Eixo	Propiedade
Local Social da Enfesta	Propiedade
Local Social de Laraño	Propiedade
Local Social da Lavacolla	Cesión de uso
Local Social de Nemenzo	Propiedade
Local Social da Peregrina	Propiedade
Local Social de San Lorenzo	Propiedade
Local Social de Vidán	Propiedade
Local Social de Villestro	Propiedade (en terreo da Xunta de Galicia)
Local Social do Romaño	Aluguer
Local Social en Area Central	Propiedade
Local Social de Grixoa	Propiedade
Local Social de Figueiras	Propiedade
Local Social de Lamasal, Fecha	Propiedade
Local Social de Marantes	Propiedade
Local Social de Marrozos	Propiedade
Local Social do Meixonfrío Casa Agraria	Propiedade (en solo da Xunta de Galicia)
Local Social de San Xulián de Carballal	Propiedade
Local Social de Santa Cristina de Fecha	Cesión de uso
Local Social de Verdía	Propiedade
Local Social de Vista Alegre	Cesión de uso

Por outra banda, no municipio existe un amplo tecido asociativo que ascende ata as 642 asociacións e que engloban unha gran diversidade de temáticas e obxectivos.

Unha das discriminacións máis agudas que adoitan sufrir as mulleres é a desigualdade á hora de tomar decisións e de participar no exercicio de poder público (relacionado coa súa tradicional pouca presenza no espazo público). Este tecido asociativo pode constituír, precisamente, a canle ideal para a participación cidadá das mulleres e unha ferramenta moi importante para o apoderamento feminino.



Fonte: Web do Concello de Santiago de Compostela.

CALIDADE DE VIDA

Neste apartado móstranse os datos do módulo de benestar social segundo a enquisa estrutural de fogares do ano 2019 para a comunidade de Galicia. Neste módulo solicitouse ás persoas participantes valorar nunha escala do 1 ao 10 diferentes aspectos que definen a calidade da vida dunha persoa. Concretamente, na seguinte táboa amósanse as medias outorgadas a estes aspectos segundo o xénero.


Como pode extraerse dos datos, a percepción sobre a calidade da vida non reviste diferenzas significativas en canto ao xénero, se ben cabe mencionar que en aspectos tan importantes como a valoración xeral da súa vida, a situación económica do seu fogar, a súa vivenda, o seu traballo, o seu tempo de lecer e as súas relacións persoais, as mulleres conceden unha valoración media lixeiramente inferior.

SATISFACCIÓN MEDIA EN DIVERSOS ASPECTOS POR XÉNERO	MULLER	HOME	TOTAL
A súa vida na actualidade	7,11	7,19	7,15
A situación económica do seu fogar	6,10	6,15	6,13
A súa vivenda	7,35	7,36	7,36
O seu traballo actual	7,08	7,14	7,11
O tempo do que dispón para facer o que lle gusta	6,56	6,66	6,61
As súas relacións persoais	7,76	7,82	7,79
As áreas recreativas ou verdes da zona na que vive	6,51	6,46	6,48
A calidade da zona na que vive	7,51	7,49	7,50
O tempo necesario para ir ao seu traballo	7,33	7,1	7,21
O que fai na súa vida	7,71	7,73	7,72

PERSONAS BENEFICIARIAS DE AXUDAS E PENSÍONS

As diferenzas entre xéneros tamén se aprecian se atendemos ás persoas beneficiarias de axudas sociais. No caso da renda de integración social de Galicia (RISGA), a distribución está feminizada, agás no último ano 2020, o cal implica unha maior precariedade e unha situación de menor benestar nas mulleres do municipio.


Evolución das persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (RISGA) en Santiago de Compostela segundo o xénero, 2011 - 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Política Social. Información subministrada directamente.

No caso das persoas beneficiarias das axudas de inclusión social (AIS) a distribución entre xéneros amosa aínda máis unha profunda desigualdade: as mulleres son as receptoras maioritarias deste tipo de axudas. Especificamente, durante o ano 2020 as mulleres representaron o 62% das AIS. Este feito pon de relevo a elevada feminización das persoas vulnerables ou en risco de exclusión no Concello de Santiago.


Evolución das persoas beneficiarias das axudas de inclusión social (AIS) segundo o xénero en Santiago de Compostela, 2011 - 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Consellería de Política Social. Información subministrada directamente.

O número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social tamén indica datos críticos para as mulleres, xa que representan algo máis do 67% no ano 2020. A Seguridade Social define as persoas beneficiarias destas pensións como persoas en situación de necesidade protexible, xa que non contan cos recursos para subsistir nos termos legalmente establecidos.

Evolución do número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo o xénero, en Santiago de Compostela, 2011 - 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE. Elaboración propia a partir dos ficheiros da Seguridade Social


VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero é unha lacra que ten a súa orixe no feito de que na sociedade existen relacións de poder e dominio dos homes sobre as mulleres, sendo estas consecuencia dos condicionantes socioculturais que afectan a ambos os xéneros.

A información sobre esta problemática máis pegada ao municipio corresponde ao partido xudicial de Santiago e será analizada na primeira epígrafe deste apartado. A seguir, dedicarase o último punto desta análise diagnóstica aos datos facilitados polo Centro de Información das Mulleres de Santiago de Compostela (CIM).

DATOS DO PARTIDO XUDICIAL DE SANTIAGO⁴

A evolución do total de delitos ingresados no Partido Xudicial de Santiago de Compostela segue unha tendencia crecente nos últimos anos, chegando case a duplicarse no ano 2020 con respecto ao 2016. É necesario analizar con cautela estes datos, xa que no teñen necesariamente que significar que na actualidade se produzan máis delitos, senón que poden estar condicionados por unha maior porcentaxe de denuncia das vítimas. Aínda así, serve como indicador da violencia machista que, lonxe de erradicarse, ve como aumentan o seu número de casos denunciados.



Fonte: Elaboración propia a través dos datos sobre a violencia á muller na estatística do CGPJ. Extraídos da web do Consello Xeral do Poder Xudicial.


Máis da metade destes delitos responden a lesións e malos tratos recollidos no artigo 153.1 da Lei 10/1995 do Código penal que, literalmente, establece o seguinte:

«Quen por calquera medio ou procedemento cause a outro menoscabo psíquico ou unha lesión de menor gravidade das previstas no número 2 do artigo 147, ou golpear ou maltratar de obra outro sen lle causar lesión, cando a ofendida sexa ou fose esposa ou muller que estea ou estívese ligada a el por unha análoga relación de afectividade, aínda sen

⁴ Os datos deste apartado refírense ao ámbito territorial do partido xudicial de Santiago que abarca os concellos de Ames, Boqueixón, Santiago de Compostela, Teo e Vedra.

convivencia, ou persoa especialmente vulnerable que conviva co autor, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o considere adecuado para o interese do menor ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, inhabilitación para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.»


Delitos ingresados por tipoloxías no Partido Xudicial de Santiago, 2020 (%)



Fonte: Elaboración propia a través dos datos sobre a violencia á muller na estatística do CGPJ. Extraídos da web do Consello Xeral do Poder Xudicial.

En canto á evolución do total de ordes de protección no partido xudicial, aínda que tamén segue unha tendencia crecente, esta é moito máis atenuada e non é proporcional ao aumento de delitos ingresados. Esta desproporción podería estar indicando, entre outras cuestións, unha certa desprotección das mulleres vítimas de violencia.


Evolución do total de ordes de protección no Partido Xudicial de Santiago, 2011 – 2020



Fonte: Elaboración propia a través de datos sobre a violencia á muller na estatística do CGPJ. Extraídos da web do Consello Xeral do Poder Xudicial.

A relación entre a vítima e o denunciado procede, case na metade dos casos (43%), dunha anterior relación afectiva. De feito, se se suman a porcentaxe de relación afectiva e a de ex relación afectiva abránguense practicamente o 80% dos casos. O menos habitual é a relación conxugal mais cómpre, de novo, tomar estes datos con cautela. Aínda que pode ser o tipo de relación no que se rexistren menos casos de violencia, a porcentaxe pode estar condicionada pola infradenuncia que, de xeito previsible, pode darse neste tipo de relacións.

Relación vítima - denunciado en las órdenes de protección do Partido Xudicial de Santiago, 2020 (%)




Fonte: Elaboración propia a través dos datos sobre a violencia á muller na estatística do CGPJ. Extraídos da web do Consello Xeral do Poder Xudicial.

USUARIAS DO CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ÚLTIMOS DATOS 2021)

O grupo de idade maioritario entre as usuarias do CIM é de 26 a 45 anos. Máis do 81% das usuarias teñen entre 26 e 64 anos.


Grupos de idade das usuarias do CIM de Santiago de Compostela (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados polo CIM de Santiago de Compostela.

O máis habitual é que as mulleres usuarias vivan soas en fogares unipersoais (46%). A porcentaxe vai diminuindo, de xeito inversamente proporcional, a medida que se engaden membros ao fogar. Pouco máis do 5% das usuarias forma parte dun núcleo familiar de 5 ou máis membros.


Nº membros do núcleo familiar das usuarias do CIM de Santiago de Compostela (%)



Fonte: Elaboración propia a través de datos facilitados polo CIM de Santiago de Compostela.

O estado civil máis habitual entre as usuarias do CIM é o de solteira, algo que vai en concordancia co feito de que a maioría dos casos de violencia de xénero no Partido Xudicial danse entre parellas ou exparellas que non están casadas.


Estado civil das usuarias do CIM de Compostela (2021)



Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo CIM de Santiago de Compostela.


Dúas de cada tres usuarias do CIM contan coa nacionalidade española, aínda que o dato relevante é que case o 33% ten nacionalidade estranxeira, cando a poboación de mulleres estranxeiras do municipio só representa o 2,9% da total. Isto quere dicir, polo tanto, que o colectivo de mulleres inmigrantes e estranxeiras atópase nunha situación especialmente vulnerable.

Nacionalidade das usuarias do CIM de Santiago de Compostela



Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo CIM de Santiago de Compostela.

Como pode apreciarse, se comparamos o seguinte mapa co das nacionalidades maioritarias das mulleres estranxeiras residentes en Santiago, a distribución das nacionalidades das usuarias non é proporcional ao da poboación estranxeira residente. Existe unha sobrerrepresentación de mulleres de América do Sur. Isto pode deberse a múltiples factores, mais probablemente garde relación con aspectos idiomáticos ou cunha menor predisposición a empregar servizos públicos por parte doutras comunidades.



Fonte: Elaboración propia a través dos datos facilitados polo CIM de Santiago de Compostela.

RESUMO DOS DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

- A poboación de Santiago de Compostela está a crecer nos últimos anos, a pesar dun saldo vexetativo negativo e en descenso, sobre todo debido á inmigración exterior.
- As mulleres representan o 53,4% da poboación de Santiago. Aproximadamente, un 5% delas ten nacionalidade estranxeira e proveñen, na súa maioría, de países do sur de América.
- A media de idade das mulleres de Santiago é de 47 anos. O Concello conta cunha pirámide de poboación considerablemente avellentada, cunha maior proporción de mulleres por riba dos 70 anos en comparación co mesmo grupo de idade dos varóns.
- A taxa bruta de natalidade do ano 2019 foi de 6,7, decrecendo significativamente nos últimos anos. O número de crianzas de media era unha por muller, sendo a idade media da maternidade aos 34 (cifra que se vai incrementando progresivamente debido a múltiples factores, entre outros, a situación económica e laboral).
- As mulleres representan a maioría das persoas matriculadas nas universidades galegas (55,5%). Aínda existen áreas académicas cunha forte diferenza de alumnado segundo xénero (as mulleres non están a entrar de xeito maioritario en titulacións técnicas mentres que son claramente maioritarias en ciencias da saúde e artes e humanidades).
- A maior parte dos fogares de Santiago están formados por dúas persoas. As mulleres teñen máis posibilidades de ser a persoa proxenitora ao cargo en fogares monoparentais (77,3%).
- En canto ás afiliacións á Seguridade Social, existe unha sobrerrepresentación feminina no réxime especial de persoas empregadas do fogar, e unha infrarrepresentación no de autónomos.
- A maior parte das afiliacións á Seguridade Social de mulleres (94,3%) foron no sector servizos, o cal é o sector no que se rexistrou máis paro no ano 2020.
- A vulnerabilidade económica das mulleres de Santiago é moito maior ca dos homes:
 - O paro feminino é sensiblemente superior ao masculino.
 - As mulleres adoitan necesitar, en moita maior medida, axudas sociais ou pensións no contributivas.
 - O importe medio das súas pensións é claramente inferior ao dos homes.
 - As mulleres perciben, de media, un 11,2% menos de salario por hora que os homes.
 - Son as que máis solicitan redución ou flexibilización da xornada para o coidado de crianzas, xa que son as que se dedican, en maior medida, ao traballo de coidados.
- A evolución do total de delitos por violencia de xénero ingresados no Partido Xudicial de Santiago ten una tendencia ascendente dente o ano 2011. A maior parte dos delitos son por lesións e malos tratos do Art.153 (54,9%).
- A relación vítima-denunciado é, maioritariamente, de excónxuxe (42,6%), seguida de relación afectiva (36,2%).
- As usuarias do CIM de Santiago de Compostela adoitan ser mulleres de entre 26 e 45 anos (47,8%), que viven soas (45,8%), cun estado civil de solteiras (43,5%) e son de nacionalidade española (67,6%). Con todo, a proporción de mulleres estranxeiras usuarias do CIM é moi superior ao seu peso no total da poboación, o cal implica unha maior vulnerabilidade deste colectivo.



AGRADECIMENTOS

Desde a Concellería de Igualdade trasládase un sincero agradecemento ás seguintes entidades, sen cuxa colaboración a redacción deste plan non sería posible.

- CORPORACIÓN POLÍTICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- PERSONAL TÉCNICO DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE
- PERSOAL TÉCNICO ADSCRITO AOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS E ENTIDADES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS “ALBA”
- FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO
- ASOCIACIÓN XIARA-EMPREGADAS DO FOGAR
- ASOCIACIÓN AMIZANDO
- ASOCIACIÓN ARRAIANAS
- ASOCIACIÓN 100TOLAS - GRUPO DE TEATRO DAS OPRIMIDAS
- ASOCIACIÓN INTERED
- ASOCIACIÓN CROMOSOMOSX
- ANDAINA - REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO FEMINISTA
- RESISTENCIA EN TERRA ALLEA
- MATERFEM-MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS
- ASOCIACIÓN QUERENDO, MULLERES CON ENDIOMETROSE
- ASOC. MULLERES CRISTÍAS GALEGAS-EXERIA
- AVANTE LGBT+
- FADEMUR- FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA
- ASOCIACIÓN DE MULLERES RECANDEA
- ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)
- ASOCIACIÓN CENTINELAS
- REDE EDUCATIVA DE APOIO LGBT DE GALICIA
- XORNALISTAS GALEGAS
- STEG-SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA

